



nº 12



EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Xosé Agrelo Hermo
Ramón Carredano Cobas
Mª Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

GRAVADO CAPA:

Segundo Oviedo

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

DEPÓSITO LEGAL:

C-888-2000

Presentación



o noso mundo, o mundo de cada un de nosoutros, ampliouse, xa non se trata do noso pequeno mundo no cal vivimos (a nosa familia, o noso barrio, etc.); o que é evidente é que todo o que realizamos no noso entorno próximo inflúe posiblemente no noso lugar ou lugares distantes.

Cada vez máis, un dáse conta da imperiosa necesidade de imaxinar o futuro en termos de longo prazo máis que curto prazo; por iso os cambios que se producen da realidade actual, van sempre precedidos do feito concreto de que algún ou algúns soñaron ou imaxinaron.

Por iso o futuro da Sociedade Liceo non pasa polo estancamento da situación actual, senón por tratar de conseguir e conquistar o futuro, que se concreta en dar esa solución para un futuro de decenios, por levar a cabo as solucións realizables enchéndonos de satisfacción polo legado que se entrega ás novas xeracións que son o futuro do Liceo. Por iso iniciamos a ampliación da sede social e o futuro porto deportivo nos terreos que posuímos en Ceilán (Outes).

Todo isto co inestimable e animoso apoio de tódolos socios/as, apoio que esta xunta directiva valora e agradece.

José Moas Pazos
Presidente

Sumario

Axenda	2
<i>Cándido M. Prego Ralo</i>	
Historia do Liceo	7
<i>Ramón Carredano Cobas</i>	
Entrevista	10
Lola Arxóns	
<i>Pepe da Roca</i>	
O ensino en Noia	14
<i>Xosé Agrelo Hermo</i>	
Historia	17
Noieses do século XXI	
<i>Xerardo Agrafoxo</i>	
Xeografía	24
O arquitecto Antonio Palacios no Concello de Noia	
<i>Pedro García Vidal</i>	
Pinceladas sanitarias	32
Artrose	
<i>Víctor Vez Vilar</i>	
Cancións de Noia	35
<i>Prudencio Romo</i>	
Foros e campesiños	37
<i>Manuel Ces Canle</i>	
Visión retrospectiva do Fútbol Noiés	43
<i>Gomari</i>	
O Vía Crucis de San Martiño	46
<i>Xoán X. Mariño</i>	
Necroloxías de 13 noieses comentadas por Avilés no Barbanza	49
<i>Manuel Hermida</i>	
2003: Ano de Antón Avilés de Taramancos. Percorrido bibliográfico	55
<i>María Dolores Arxóns Álvarez</i>	
Mi camino - Tu sendero	57
<i>Alejandro Bralo</i>	
Noia en branco e negro	59
<i>Roque Gallardo</i>	
Os nosos libros	60
<i>Xerardo Agrafoxo</i>	

Axenda


Cándido M. Prego Rajo

ACTIVIDADES



día 18 de maio, como non podía ser menos, celebramos o DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2003, adicado este ano o noso concidádán ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS.

Con tal motivo pronunciou unha conferencia sobre a vida e obra do poeta de Taramancos, o profesor, escritor e sobre todo amigo de Avilés, XOSÉ AGRELO HERMO, do consello de redacción desta revista.



O NOSO PRESIDENTE J. MOAS CON PEPE AGRELO E O FILLO MAIOR DE AVILÉS (SANTIAGO)




O NOSO PRESIDENTE DA SOCIEDADE ENTRÉGALLE UN "CASTELAO" DE SARGADELOS A PEPE AGRELO



ASISTENTES Ó ACTO



EMILIO X. PAZOS, DA ESCOLA DE TEATRO, INTERPRETANDO UN POEMA DE AVILÉS



A ESCOLA DE TEATRO SAÚDA DENCE O ESCENARIO



A CORAL DO CENTRO A.S. DE PONTEAREAS

A Escola de Teatro do Liceo realizou unha magnífica representación teatral, baseada en textos de Avilés de Taramancos, dirixida por Manolo Sabín.

Cerrou o acto a Coral do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas, dirixida por D. Ángel Viro Caamaño, que interpretou cancións galegas e o Himno Galego.

Asimesmo esta revista editou un monográfico sobre o poeta noiés que foi distribuído oportunamente.



II CAMPAMENTO DE VERÁN

Do 4 ó 10 de Agosto levaráse a cabo o II CAMPAMENTO DE VERÁN, na área deportiva de Ceilán e patrocinado por esta Sociedade.



FESTIVAIS

Como estaba anunciado celebráronse os Festivais de Entroido con magníficas verbenas para os maiores e sorteo de cestas de lacón entre os disfrazados, no Martes. O Luns fixemos festa para os máis pequenos con sorteo de xoguetes e entretemento a cargo de BRÉTEMA.


Como é habitual, o Sábado de Piñata sorteamos un capón entre os disfrazados, na Noite Medieval. O próximo ano nesta noite celebraremos unha NOITE EN RÍO.

A nosa Coral do Liceo participou en Maio pasado no “I CERTAME RÍA DE CORCUBIÓN” acadando o 2º Premio. A nosa felicitación.





ENTRADA E DETALLES DOS ORNAMENTOS NO SALÓN, O SÁBADO DE PIÑATA, DEDICADO Á NOITE MEDIEVAL




ASPECTO DO SALÓN O LUNS DE ENTROIDO,
DEDICADO ÓS MÁIS PEQUENOS

TEATRO

O día 9 de febreiro a Escola de Teatro do Liceo puxo en escea a obra O PRINCIPIÑO de Antoine de Saint-Exupery, adaptada e dirixida por Manuel Sabín.

O día 16 de marzo o Grupo de Teatro “Candelexas” representou no Liceo a obra O TRE-MOEIRO, con guiión e dirección de Víctor Vez.

Ambalas dúas representacións contaron con numeroso público que agradeceu estas escenificacións.





SECCIÓNS

Kickboxing

Como estaba previsto celebrouse o 22 de Marzo o CAMPIONATO GALEGO DE KICK-BOXING, na modalidade de “Light Contact”, con gran afluencia de asistentes.

O día 5 de Maio alumnos desta sección co seu monitor desprazáronse á Pobra do Caramiñal para disputar os Campionatos Galegos de Kickboxing na modalidade de Semi-contact adultos, acadándose dous segundos clasificados: ÁNGEL TRILLO BLANCO no peso medio e SERXIO MANEIRO BEIRO no peso semimedio.

O 25 de maio alumnos desta sección e Taekwondo, acompañados dos seus monitores, desprazáronse á localidade de Arcade (Pontevedra)

para participar nos Campionatos da modalidade indicada e categoría infantil ata 15 anos. Acadou o 2º posto en peso semi-medio ELOY SEXTAYO SEOANE; e ANTÍA LÓPEZ IGLESIAS o 1º en categoría feminina.



BALONCESTO

MEMORIA DO EQUIPO DE BALONCESTO “LICEO NOIA”, CATEGORÍA “JUNIOR” MASCULINO, TEMPADA 2002/2003.

O equipo participou na competición zonal de Santiago, da que forman parte 7 equipos, entre os que se atopaban dous (Rosalía e Peleteiro), que son os equipos de Galicia con mellor palmarés recente, xa que habitualmente os dous, ou cando menos un deles, chega a final do campionato galego.

O equipo LICEO NOIA clasificouse en 3º lugar, polo que, por segundo ano consecutivo, foi un dos 16 equipos clasificados para o campionato galego da categoría. Durante a liga unicamente perdemos contra os dous citados equipos, gañando os restantes partidos por amplas diferencias.

No campionato galego correspondeunos xogar no grupo chamado da “morte” por formar parte do mesmo, tamén, os seguintes equipos:

Breogán: Campión provincial de Lugo e filial do equipo da ACB.

Helios Zorka de Vigo: Campión da Federación viguesa e composto polos xogadores que se proclamaron campións galegos de cadetes no ano 2001.

Rosalía de Santiago: Filial do equipo de liga LEB e que finalmente rematou de Subcampión galego.

Nesta fase o noso equipo quedou 3º, superando ó Breogán de Lugo nos dous partidos. O partido decisivo para pasar á fase final disputámolo contra o Rosalía en Noia. Necesitabamos gañar unicamente por máis de dous puntos, xa que esta era a desvantaxe que traíamos do partido de ida en Santiago, pero os xogadores noíeses estiveron atenazados polos nervos e non resultou posible gañar o partido.


VARIOS

Os días 5 e 12 de Abril celebróuse na Sociedade o I SEMINARIO DE NUTRICIÓN E FISIOCULTURISMO, dirixido por Santiago Carro Varela.



MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA

O Museo Pedagógico de Galicia por medio do seu Asesor Técnico, dirixiuse a esta Sociedade para recabar o envío das revistas ALAMEDA xa publicadas, séndolle remitidas coa promesa de enviarlle-los números que se vaian editando. Polo seu interese reproducimos a correspondencia mantida con este Organismo.



Edificio Administrativo San Caetano
15704 Santiago de Compostela
A Coruña
Telf.: +34 981 544 085
Fax: +34 981 545 442
museo.pedagogico.galicia@xunta.es

Sr. Presidente da Sociedade Liceo de Noia
NOIA

Moi Sr noso; o Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), centro museístico creado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria co fin de recuperar, salvagardar, estudar e mostrar todo o legado educativo da nosa Comunidade Autónoma e que proximamente abrirá a súa sede fixa e visitable en Santiago de Compostela – barrio de San Lázaro, dirixese a esa Sociedade co fin de solicitarlles a doazón da súas revistas *ALAMEDA* nas que habitualmente aparecen artigos e interesantes estudos de carácter educativo, que serían do noso máximo interese.

Na confianza de contar coa súa inestimable colaboración, conscientes do seu traballo e interese a prol da cultura e da educación, esperamos noticias ó respecto desta petición.

Sen outro particular e reiterandolle a nosa consideración, saúdalle no nome do Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), en Santiago de Compostela a vintecatro de abril de dous mil tres,



Emilio Castro Fustes
Asesor Técnico MUPEGA



1928-2003
75 ANIVERSARIO

Noia, 14 de Maio de 2003.


D. EMILIO CASTRO FUENTES.
Asesor Técnico MUPEGA
CONSELLERÍA DE EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA.
Secretaría Xeral
Edificio Administrativo San Caetano.
15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Benquerido Sr. Castro:

Recibimos a súa petición de data 24.04.03, solicitando os números publicados da nosa Reviste ALAMEDA, que non podemos enviarlle ata o día de hoxe, por motivos alleos a nosa vontade.


Por tanto engadimos a presente os números 0 a 11 máis unha 2ª edición especial adicada ó poeta noiés AVILES DE TARAMANCOS, con motivo das LETRAS GALEGAS 2003. No sucesivo enviarénselle os números que se vaian publicando.

Na confianza de que seah de interese para ese Organismo, saudámoslle moi atte.,



POLA XUNTA DE GOBERNO
-Xosé Moisés Pazos-
PRESIDENTE

Alameda, s/n. ■ Tfnno./Fax: 981 820 535 ■ 15200 NOIA (A Coruña) ■ www.licecodenoia.com



Edificio Administrativo San Caetano
15704 Santiago de Compostela
A Coruña
Telf.: +34 981 544 085
Fax: +34 981 545 442
museo.pedagogico.galicia@xunta.es

Sr. Presidente da Sociedade Liceo de Noia
NOIA

Moi Sr noso; o Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), quere manifestarlle o seu profundo e sincero agradecemento, pola doazón de revistas do centro que Vde dirixe para este xove centro museístico. Doazón que quedou rexistrada con data 20 de maio de 2003.

Sen outro particular e reiterandolle a nosa consideración, saúdalle no nome do Museo Pedagógico de Galicia (MUPEGA), en Santiago de Compostela a vintetrés de maio de dous mil tres.



Emilio Castro Fustes
Asesor Técnico MUPEGA

Historia do Liceo

(XI)

Ramón Carredano Cobas

Quero manifestar aquí, que a miña principal fonte de información para a confección desta Historia do Liceo, da que hoxe escribo o capítulo XII, consiste nos libros de actas da sociedade. Son inestimables as aportacións dalgúns socios, e as escasísimas notas que poden aparecer na prensa da época, pero a verdadeira guía, é o libro de actas.

Desgraciadamente, o directivo que exercía como secretario no ano 1956, non deixa constancia nas actas da vida da sociedade, limitándose exclusivamente a apuntar as altas e baixas de socios facendo únicamente alusión por dúas veces en todo este tempo, de dúas expulsións de socios, sen apenas facer mención aos motivos das mesmas.

Desde aquí fago un chamamento a todos os socios que no futuro ostenten o cargo de secretario, sexan o máis amplos posibles nas actas, pois como agora vemos, son para a sociedade uns documentos inestimables e a memoria da mesma.

O catorce de Decembro de 1956, celébrase xunta xeral ordinaria, da que nos queda tamén unha acta moi escueta.

A Directiva dá conta da situación económica da sociedade, apuntando un total de ingresos de 148.873,95 Pts., e de 138.135,12 Pts. de gastos, tendo polo tanto un superávit de 10.738,83 Pts.

Acórdase que a Directiva “forme unha comisión cos señores socios que foron presidentes e outros que a xuízo da Directiva reunan as debidas condicións artísticas para proceder á elección dun escudo que represente á sociedade”

“Acórdase nomear Socios de Honra ós compoñentes da primeira xunta directiva que tivo a Sociedade”.

Este ano a Sociedade xoga 500.Pts. na Lotería de Nadal.

No mes de Febreiro a Directiva autoriza ao arrendatario do bar para que “*eleve os prezos dos artigos que expende segundo lista presentada, e motivado á elevación de prezos de orixe e impostos*”

“*Tamén se acorda subir os prezos no gravame dos xogos, por ter subida os naipes e outros accesorios de xogo*”.

O nove de Xullo, ten lugar unha xunta xeral extraordinaria, na que se acorda prorrogar os servizos do actual arrendatario do bar D. Manuel Rodríguez, por un período de dez anos, mediante o pago mensual de 1.500.- Pts.

O 30 de Novembro, “*de conformidade coa xunta xeral do día 14 de Decembro do pasado ano, acórdase reunir ós señores que foron presidentes desta Sociedade D. Severo Loroño Laciana, D. Venancio Blanco Nieto, D. Manuel Penalta Corral, D. Eduardo Ces Iglesias e D. José Pérez Morales, así como tamén ós señores que pertenceron á primeira directiva desta Sociedade D. Luís Rivas Rego, D. Manuel Seijas Louro, D. Mariano Nimo Gómez, D. Ángel Abeijón Agrelo, D. Manuel Iglesias Siso, D. Severo González Rivas, D. Basilio Pérez Barbazán, e D. José Rego Villar, e os señores que a xuízo da Directiva reunan as debidas condicións artísticas como D. Manuel Blanco Ons, D. Eduardo Mariño Mirazo, D. Argimiro Suárez Ferreiro e*

D. Andrés Rodríguez Millares, para proceder á elección dun escudo que represente a esta Sociedade”

Na acta do cinco de Decembro de 1957, podemos ler: *“Vistos todos os deseños presentados por diferentes señores, elixiuse por unanimidade o que figura na fotografía adherida á presente acta, (efectivamente na marxe esquerda da acta hai un escudo do Liceo en branco e negro) que as características detállanse de seguido: as follas que bordean o escudo serán de carballo na súa cor natural. As letras “LICEO” cor azul sobre campo branco, representando as cores da bandeira de Galicia. A pomba será branca cunha póla de oliveira no peteiro, e a arca, mesmo o ceo e o mar nas súas cores naturais representando o escudo de Noia. A franxa que forma e divide o escudo, será de cor encarnado carmesí representando o pendón municipal”*.

Desgraciadamente, o secretario omite o nome do autor do escudo que tan ben e minuciosamente describe, e o autor destes artigos a pesar das súas averiguacións, non acadou coa identidade deste artista. Desde aquí pido que se algún socio coñece este dato, se poña en contacto coa directiva, para que o nome do autor do escudo da Sociedade saia á luz.

O doce de Decembro, celébrase xunta xeral ordinaria, e a directiva presenta un superávit nas contas de 17.813, 45 Pts.

Procédese á votación para a elección de presidente, que dá o seguinte resultado: D. Francisco de Andrés Pérez, 64 votos; D. José García Betanzos, 7 votos; D. Manuel Blanco Ons, 6 votos; D. Francisco Pérez, 2 votos; D. Primitivo Ces Ces, D. Ricardo Diz Agra, D. Gonzalo Salanova e D. Segundo de Andrés, 1 voto, sendo proclamado presidente D. Francisco de Andrés Pérez para o bienio 1958-1959.

Ademáis do presidente, a directiva estará formada polos señores D. Andrés Rodríguez Millares, Vicepresidente; D. José Díz Trigo, Secretario; D. Mario Ronquete Viñas, Contador; D. José Pestonit Brenlla, Tesoureiro; D. Isolino Nieto Caamaño, Bibliotecario; D. Eladio Ronquete Viñas, Vocal 1º e D. Ramón Guerra Malvárez, Vocal 2º.

O novo secretario é máis explícito na redacción das actas, aportándonos datos sobre a vida diaria da sociedade.

O 26 de Xaneiro de 1958, *“Dada a nova lei de arrendamentos urbanos, promulgada con posterioridade á data na que foi asinado o actual contrato de aluguer da Sociedade, acórdase consultar cun avogado en qué condicións se atopa o devandito contrato con respecto á nova lei, e segundo o resultado desta consulta, entrevistarse co propietario para saber a qué aterse”*. (Unha vez realizadas estas consultas, resultan ser favorables á Sociedade, pois todos os dictames recibidos, coinciden en que o contrato é prorrogable por 5 anos).

“A proposta do Sr. Bibliotecario, prescínlese das seguintes revistas: “Fotos” e “Dolar”, aumentando a sección de prensa coas revistas “Life” e “Gaceta Ilustrada”, e os periódicos “La Vanguardia” de Barcelona, e “Marca” de Madrid”.

O Bibliotecario, preocupado pola súa labor, propón *“subastar o día 19 do presente mes (Febreiro), no salón de baile do Local Social, varios lotes de libros, a maioría dos cales están repetidos, e outros polo seu escaso valor literario e estar en malas condicións a súa encadernación”*.

Asemade: *“Tómase en consideración a proposta do Sr. Vicepresidente co fin de introducir a práctica de deportes entre as actividades da Sociedade, baseándose no artículo 50 do reglamento”*.

A nova directiva actualiza o mobiliario da secretaría, adquirindo unha nova mesa para a realización das xuntas, así como unha máquina de escribir; encarga a D. Avelino Caamaño Rodríguez a confección de cen sillas de madeira plegables na cantidade de 7.500. Pts., e pón á venda un contador eléctrico fóra de uso por terse queimado.

O día 25 de Abril, festividade de San Marco, celébrase unha verbena no parque da Sociedade, acordándose cobrar aos forasteiros que desexen asistir, a cantidade de 25 Pts.

O presidente dá conta das xestións realizadas con D. Ángel Pérez Morales, propietario do inmoible que ocupa a Sociedade quen fixo a proposta de construír un pavillón na casa da súa propiedade denominada “La Panera” coa condición de que se lle deixase libre o baixo, ou sexa o salón de baile da Sociedade, co correspondente aumento do aluguer. Como “La Panera” mide 9 metros de fronte por 7,5 de fondo, a directiva estima que non reúne as condicións necesarias para cubrir o servizo do actual salón.

Tratando de atopar un solar que reúna as condicións de extensión e prezo adecuados para a súa adquisición co fin de construír un edificio propiedade da Sociedade, o presidente entrevístase con D. José González Vázquez propietario dun solar situado na “Horta dos Frailes” cunha fronte á alameda de 27 metros, tendo de fondo 65 metros, que estaría disposto a vender por un prezo de 450.000 Pts., dando un prazo de 15 días para a súa aceptación.

A directiva entrevístase cos ex-directivos da sociedade, informándolle das xestións realizadas, e, vista a boa acollida das mesmas, acórdase solicitar do Excmo. Sr. Gobernador, a autorización para unha xunta xeral extraordinaria a celebrar o día 1 de Xullo de 1.958.

Esta xunta ten lugar nos locais do Coliseo Noela, onde o presidente expón a situación na que se atopa a Sociedade con respecto ao actual contrato de aluguer do local social.

A continuación, presenta o proxecto da directiva sobre a adquisición dun solar onde edificar un local social, e a elevación da cota mensual en quince pesetas con destino a tal fin.

Despois de diversas intervencións dos socios, que expresan distintas opinións, procédese a unha votación co fin de aprobar ou rexeitar as propostas da directiva. Dada a importancia desta acta, paso a transcribir textualmente os parágrafos máis salientables:

“Efectuado o escrutinio arroxa un resultado de cento corenta e seis votos, dos que cento once son favorables á elevación da cota mensual a trinta pesetas, das que quince serán destinadas a formar un fondo para adquirir un solar; e o resto, ou sexa trinta e cinco votos, en contra da devandita proposta, polo que se acorda a partires do mes de Agosto próximo, poñer os recibos ao cobro, a razón de trinta pesetas.

Acórdase que todo socio que cause baixa voluntaria desde esta data, e queira volver a pertencer a esta Sociedade, terá que aboar todas as mensualidades compren-

didadas entre a data de baixa e a nova alta, ademáis da cota de entrada, no caso de que sexa aprobada a solicitude de reingreso pola directiva. Asemade, acórdase elevar gradualmente a cota de entrada por períodos de tempo que fixará a directiva, exceptuándose os fillos de socio, que satisfarán a cota proporcionada ao aumento”.

Na acta do cinco de Agosto deste mesmo ano 1958, a directiva toma un acordo, tamén histórico, polo decisivo que foi para o futuro do Liceo e da que tamén transcribo textualmente:

“Acórdase que unha comisión formada por tres directivos, traten de visitar o maior número de socios co fin de expoñerlles o seguinte: feitos cálculos pola directiva, vese factible a adquisición dun solar sen necesidade de agardar a ter reunido o capital. Para reunir o devandito capital é necesario que cada socio voluntariamente aporte unha cantidade en calidade de préstamo cun xuro do tres por cento, por un prazo máximo de cinco anos; estos préstamos serán amortizables anualmente, no número que previamente se determinará co aumento das quince pesetas sobre a cota mensual destinadas segundo acordo da xunta xeral extraordinaria do día 1º de Xullo para formar un fondo para a futura compra dun solar. Tamén pode optar o socio por facer efectivo o importe da mensual en tantas mensuralidades como lle fora posible, non abonando por este concepto xuro ningún. Se o capital reunido deste xeito entre os Srs. Socios non acadara para a compra dun solar, trataríase de conseguilo por mediación dun banco”.

Nestas circunstancias, é de salientar que as relacións entre a Sociedade e os propietarios do inmoible por ela ocupado, non son precisamente amistosas, e nelas abundan as citacións notariais e xudiciais, que na próxima revista prometo contar polo miudo.

Entrevista

Lola Arxóns

Pepe da Roca

María Dolores Arxóns Álvarez, licenciada en Pedagogía, profesora de Lingua e Literatura galegas, codirectora da Revista Casa da Gramática, estudiosa dos nosos mellores creadores literarios, partícipe activa na súa adolescencia daquel proxecto teatral de soñadores que responde ao nome de Candeia... Docente vocacional, leva máis de vinte anos inculcándolle á nosa mocidade o amor á Lingua, o amor á Literatura, o amor a Galiza. Duro, pero fermoso labor.

Estamos nun ano de moitas celebracións en Noia: o 50 aniversario da creación do Instituto Virxe do Mar, o 75 aniversario da Sociedade Liceo e do Clube de Fútbol, sen esquecer a concesión do Día das Letras Galegas 2003 a Avilés de Taramancos. ¿Ten Noia tanta tradición e potencial cultural como aparenta?

Noia foi dende sempre un importante foco de actividade cultural. A nosa vila foi berce, e segue a selo, de creadores de cultura, de significadas personalidades nas distintas artes: pintura, escultura, literatura, música, teatro... Sería longo enumeralos aquí, pero todos temos en mente os seus nomes. Noia foi durante séculos un referente cultural para toda Galiza e na actualidade continúaase cunha tradición que forma parte do noso patrimonio e que non podemos descoidar. En ningún lugar da comarca se leva adiante un labor de animación cultural tan interesante e permanente como en Noia. O factor humano é determinante neste aspecto: se non hai interese por parte das persoas que cremos que debemos coidar este patrimonio, será imposíbel

lograr a súa continuidade. O esforzo que se require é grande pero paga a pena. O apoio de institucións públicas e privadas é esencial, xa que sen as infraestructuras e o sostenemento económico que se precisan é imposible a realización de calquera actividade cultural. O Concello, a Sociedade Liceo, e os Institutos da vila son neste momento un grande apoio nesta tarefa; o resto poñémolo os distintos colectivos e persoas que dedicamos o noso esforzo desinteresado á realización de distintos proxectos culturais. O potencial da vila é enorme, tanto pola súa tradición histórica como pola calidade dos creadores que temos na actualidade. Avilés de Taramancos sería un bo exemplo deste potencial, é tarefa prioritaria dar a coñecer a súa obra e o seu labor como animador cultural.

A revista Casa da Gramática que dirixes con Xavier Castro e Concha Sabucedo é unha publicación singular pola súa orixinalidade, creatividade e calidade estética e literaria. ¿Como naceu e como se conserva esta xoia?

Naceu en 1997 como unha proposta de Xavier Castro ao Claustro do Profesorado do IES Virxe do Mar. A idea que el propuxo —e á que me sumei dende o principio— era facer unha revista literaria escolar na que o alumnado e o profesorado puidera publicar as súas obras de creación. Pero axiña o proxecto adquiriu unha envergadura que el non pensaba, incorporando á revista as colaboracións de creadores literarios e plásticos de fóra do Instituto e mesmo de fóra de Noia. Neste mes acabamos de publicar o número 18, así que levamos seis anos publicando unha

revista escolar que se caracteriza por contar entre os seus colaboradores con algunhas das figuras máis importantes do mundo literario e das artes plásticas de Galiza. Nos números de marzo e de maio de 2003, case cincuenta escritores e pintores de toda Galiza fixeron dende as páxinas de *Casa da Gramática* unha homenaxe a Avilés de Taramancos con creacións inéditas e a maior parte delas feitas especialmente para esta publicación, incluída a portada que é sempre creada expresamente por un pintor ou un ilustrador.

Casa da Gramática foi premiada no ano 2002 como a mellor publicación escolar de Galiza, con unha mención especial do xurado polo esforzo e a continuidade editorial e o labor de defensa e promoción da lingua e a cultura galegas. Agora estamos pendentes do fallo do campaña *Entre Nós, en galego*, da Consellaría de Educación, xa que foi eleixida como a mellor revista da provincia da Coruña e vai á fase final galega, que se resolverá en breve.

A continuidade da publicación débese ao apoio total que temos por parte da comunidade escolar e dos lectores de fóra do Instituto e por suposto a que as tres persoas que levamos adiante a revista cremos neste proxecto como algo necesario para o Instituto e para Noia. *Casa da Gramática* ten como único obxectivo poñer en valor a creación artística e literaria e demostrarlles aos alumnos e alumnas que é posible dar a coñecer as súas obras ao lado de persoas que xa teñen un oco feito no mundo da cultura. Deste xeito relaciónanse e coñecen directamente a escritores e artistas que forman parte do currículo que estudian nas aulas.

Pero baixo o nome de Casa da Gramática levades adiante máis actividades e non só a publicación da revista cada trimestre...

Efectivamente, o noso proxecto cultural abrangue tamén outras actividades. Como exemplos podemos poñer a proposta e organización do Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos, que vai iniciar a súa terceira edición, patrocinado polo Concello de Noia. A homenaxe a Álvaro de las Casas, coa reedición de *Matria*, na que ti colaboraches facendo un estudio da obra. Agora acabamos de iniciar unha colección de libros á que chamamos PORTA AZUL e o número 1 é unha homenaxe poética a Avilés de Taraman-



cos escrita e ilustrada para esta colección por Manuel Álvarez Torneiro, un dos mellores poetas galegos do século XX e grande amigo de Avilés. O número 2 será a edición das actas da Semana da Historia de Noia, celebrada do 22 ao 29 de marzo de 2003.

De seguro tendes en marcha outros proxectos...

Imos facer no Instituto Virxe do Mar unha exposición de pintura na que van estar presentes quince pintores e gravadores que colaboran con *Casa da Gramática* desde diferentes puntos de Galiza. Irá acompañada dun catálogo no que cada autor ou autora fan unha reflexión sobre a súa propia obra. É un proxecto que consideramos moi interesante e será a primeira vez que se faga en Noia.

Temos presentada no Concello de Noia a proposta de organización do I Certame de Pintura "Vila de Noia",

pero non foi posíbel a súa aprobación no pleno, pola postura en contra dos grupos da oposición. Como ves, sempre estamos argallando actividades e o certo é que de ter máis apoio económico levaríamos adiante máis proxectos.

Neste momento temos en marcha a edición do número 19 de *Casa da Gramática*, que sairá en decembro e tratará o tema “Vilas medievais do mundo”, no seu monográfico Papel de Color.

¿Pódesme dicir que artes máxicas usades para conseguir a colaboración de tan magníficos escritores, ilustradores e gravadores?

¡Oxalá existisen artes máxicas para isto! Non se trata de maxia senón de traballo e esforzo persoal dos tres directores da revista. É un traballo moi gratificante porque raras veces alguén se negou a colaborar connosco. Os escritores, os estudiosos dos temas que tratamos e os artistas plásticos cos que nos poñemos en contacto axiña se implican no proxecto que lles expoñemos e mesmo aportan ideas e suxiren outros colaboradores cos que poder contar. Tamén hai colaboradores que xa son da casa -e nunca mellor dito-, como Alfonso Costa, Antonieta Castro, Ana Cambeiro, Xerardo Agrafoxo, Pedro García Vidal, Xoán Mariño, Manuel Álvarez Torneiro, Teresa Seara, Ramón Carredano, Antón Riveiro Coello, Bieito Iglesias... e moitos máis que teñen colaborado en máis dunha ocasión. O certo é que temos moita sorte de contar con tantas persoas que poñen a súa obra nas nosas mans sen nengún tipo de compensación económica. Á altura de maio de 2003 son xa máis de cento cincuenta colaboradores diferentes que foron tratando os distintos temas monográficos de “Papel de color”, e moitos máis alumnos, alumnas e profesorado que viron publicados nas páxinas da revista as súas narracións, os seus poemas e as súas ilustracións.

Como biógrafa e grande coñecedora da obra de Avilés de Taramancos,

¿pensas que a homenaxe a este altísimo poeta pode influír nalgunha medida na vida cultural de Noia?

É moi difícil contestar a esta pregunta. É certo que o feito de que se lle dedique a Avilés o Día das Letras Galegas e de que o ano 2003 sexa declarado pola Xunta de Galiza “Ano de Antón Avilés de Taramancos” vai influír na ampliación do coñecemento que se ten deste autor en Noia e en Galiza. Sen embargo, este labor de divulgación de vida e da obra de Avilés non pode quedar reducido a este ano, hai que continuar co traballo de estudio –por quen corresponda– e concienciarnos que de temos na nosa vila a un dos mellores poetas galegos do século XX. Eu confío en que, así como Trasalba é identificada como a terra de Otero Pedrayo, Padrón como a terra de Rosalía, Rianxo como a terra de Castelao, Dieste e Manuel Antonio... Noia será coñecida nalgún momento como a terra de Avilés de Taramancos. Arredor da figura de Avilés pódense levar a cabo moitas actividades culturais porque hai moita vida na obra de Avilés, moitos temas, moitas propostas: o mar, a terra, a Patria, a lingua, a morte, o amor, a paixón... De nós depende que Avilés sexa unha figura de referencia na cultura non só de Noia senón de Galiza, e a sociedade noiesa debería ser a primeira interesada en potenciar o coñecemento de Avilés. Non cabe dúbida que o profesorado de todos os niveis educativos ten unha grande responsabilidade na consecución deste obxectivo.

¿Que necesidades ou carencias culturais pensas que ten Noia neste intre?

Como falamos ao principio, hai unha grande actividade cultural en Noia que a converte nunha vila sobresaínte con relación ao resto da comarca. Iso é innegábel, e esta actividade lévase a cabo a pesar, ás veces, da falta de apoios económicos institucionais ou mesmo carecendo dalgunhas infraestructuras que facilitarían moito este labor.

Sendo Noia unha vila especialmente propicia para criar artistas plásticos, boto a faltar a especialidade de Bacharelato de Artes, que solicitamos en repetidas ocasións dende o Instituto Virxe do Mar e que sempre se nos negou. Sería unha marabillosa plataforma para formar aos nosos alumnos e alumnas interesados en desenvolver as súas aptitudes artísticas.

Outra das carencias culturais máis escandalosas en Noia é a ausencia dun museo, ou mellor de varios museos. Necesitaríamos un museo etnográfico e arqueolóxico, outro de pintura e escultura... ¿e que facer con toda esa cultura do mar en Noia que está desaparecendo? ¿Como conservaremos a memoria dos veleiros entrando

na ría sen un lugar onde estea recollida toda a historia local? ¿Cando se vai converter Santa María a Nova nun museo de laudas á altura da importancia que realmente ten? ¿Para cando a catalogación de todas esas laudas? ¿Como imos transmitir a riquísima historia de Noia dende 1168 até hoxe se os nosos rapaces e rapazas descoñecen case por completo este pasado? E así poderíamos seguir preguntando indefinidamente...

Como ves son moitas as carencias que quedan aínda por solucionar. Persoalmente, creo que non é normal que unha vila como Noia, coa importancia que tivo como porto de Compostela, non teña nin un só sitio dedicado ao estudio e divulgación da súa historia. Aínda así temos a sorte de poder contemplar en vivo unha parte moi importante do noso patrimonio arquitectónico e histórico. Só nos falta atopar con autoridades coa suficiente sensibilidade para que o protexan das barbaridades urbanísticas que se veñen cometendo impunemente desde hai anos. E non é tan difícil de conseguir: só teñen que aplicar o Plano de Protección do Casco Histórico de Noia, e que especifica casa a casa que é o que se pode e o que non se pode facer. Así de doado.

Boto en falta tamén un horario máis amplo da Biblioteca Municipal, xa que está pechada xusto cando a xente sae dos seus traballos ou os sábados, que é cando os traballadores teñen máis tempo para acudir a ela. Na actualidade é unha biblioteca pensada para estudantes e pensionistas.

Boto en falta unha política de publicacións por parte do Concello de Noia. Hai unha falta total de apoio ás publicacións que divulgan a nosa historia, a nosa etnografía, o noso patrimonio artístico e cultural...

Son consciente de que os cartos gastados en cultura non son os que máis votos renden, pero estou convencida de que co paso do tempo a cultura sempre é rendíbel e un pobo culto e interesado polas actividades culturais sempre é un bo investimento porque a calidade de vida da xente mellora moito.

Como ensinante vocacional, ¿como ves a actitude da nosa mocidade ante o feito da creación artística e literaria?

Como sabes, son profesora de lingua e literatura e o que teño notado moitas veces é que un rapaz ou unha rapaza en moi poucas ocasións é consciente do que pode facer até que se lle plantexa a posibilidade de facelo. No caso da literatura, por exemplo, case sempre consideran que é unha materia que se reduce a memorizar a vida e os títulos publicados polos escritores. Case nunca se ven a

eles mesmos como posíbeis autores literarios e cren imposíbel que sexan capaces de escribir algún poema, algunha obra teatral ou algún relato con calidade literaria.

A experiencia demostra que hai moitos máis talentos artísticos dos que se coñecen e que a cuestión está en dar con eles a tempo para desenvolvelos. Outra cousa é que socialmente se valore o traballo de creación artística ou literaria. Pero iso é algo moi difícil de cambiar mentres vivamos nun mundo no que os valores se midan polo número de ceros que xeran nun talón bancario ¿non che parece? De todos os xeitos, se se puxeran ao alcance da mocidade vías de expresión artística, creo que moitos non as desaproveitarían. Aí temos o Conservatorio de música de Noia, que cada ano forma a dúcias de alumnos e alumnas, algúns deles con verdadeiro talento musical; ou a escola de gravado que cada verán leva adiante Alfonso Costa na Sociedade Liceo. E ti mesmo sabes cantos talentos para a actuación se poden descubrir co traballo teatral na escola. Os nenos e nenas só necesitan unha oportunidade de sacar á luz todo o potencial artístico que levan dentro, ben sexa na música, na literatura, na pintura, no teatro, e mesmo no deporte, que tamén é unha forma moi importante de expresión cultural.

Cando se crea a oportunidade de que un mozo ou unha moza poidan expresar o seu talento artístico, xamais se negará a desenvolvelo, ben sexa como pintor, escritor, escultor, actor, cantante, pianista, etc. Persoalmente, non teño ningunha queixa da disposición do meu alumnado para a creación literaria. Todos son creadores e creadoras, o que pasa é que isto é como na ópera: todo o mundo pode cantar, pero moi poucos chegan a ser Plácido Domingo ou Montserrat Caballé, e por suposto hai a quen o chama máis isto da literatura e a quen o chama menos.

O ensino en Noia

(XII)

Xosé Agrelo Herme

A LEI VILLAR PALASÍ

Como se puido ver en anteriores traballos, aínda segue vixente a Lei Moyano de 1857 coas consabidas reformas e enmendas, remendos ao fin e ao cabo, como son a lei de Formación Profesional Industrial (Institutos Laborais) de 1949; a de 1953 coa aparición do Bacharelato Elemental que abre unha vía para a xeneralización da escolaridade ata os 14 anos; a de construcións escolares do mesmo ano con convenios entre o Estado e os Concellos, e a lei sobre Ensinanzas Técnicas de 1957 que incorpora á Universidade as Escolas de enxeñeiros e arquitectos. Sen embargo, a chegada dos anos 60 coa expansión económica, o proceso de industrialización, a explosión escolar e as tensións internas do réxime político, fai que sexa indispensable unha reforma total e profunda do anterior sistema educativo. Aparece, así, a Lei Xeral de Educación (LXE) de 1970, tamén chamada Lei Villar Palasí polo nome do ministro de Educación que a impulsou.

A LXE foi unha lei de grande alcance, que pretendía superar as contradicións internas nas que caera o sistema polas sucesivas reformas sectoriais, insuficientes para responder ao acelerado cambio social e económico da España daqueles tempos. Os planteamentos desta lei supoñían o recoñecemento implícito do fracaso da educa-

ción confesional, patrioteira, elitista e autoritaria dos últimos trinta anos. As características máis relevantes da LXE podemos resumilas brevemente. No seu aspecto positivo, hai unha xeralización da educación básica de 6 a 14 anos para toda a poboación, nun sistema único non discriminatorio e de escolarización plena; unha preocupación pola calidade do ensino, e un intento de establecer relacións entre o sistema educativo e o mundo do traballo. Xa non son tan dignas de eloxio a excesiva teorización do ensino, a deficiente selección en comparación con outros países e a excesiva centralización que trouxo consigo unha rixida uniformidade no sistema educativo.

OS NIVEIS EDUCATIVOS

A lei Villar Palasí establece catro niveis educativos:

— **A Educación Preescolar**, non obrigatoria, de 2 a 4 anos, que ata ese momento carecera de sustantividade educativa e que non sempre dispuxo da adecuada cobertura de prazas.

— **A Educación Xeral Básica (EXB)** de oito cursos –dos 6 aos 14 anos– dividida en tres ciclos: inicial, de 6 a 8 anos; medio, de 8 a 11, e superior, de 11 a 14. Ao seu remate, os alumnos que alcanzaban con éxito os obxectivos obtíñan o título de Graduado Escolar, e os que non o facían, recibían o chamado Certificado de Escolaridade que limitaba os seus estudos posteriores pois só podían matricularse en Formación Profesional, a diferenza dos graduados que tamén o podían facer en Bacharelato.

— **O Bacharelato Unificado Polivalente (BUP)** ao que só podían acceder os alumnos co título de Graduado Escolar ou de Técnico Auxiliar (FP de 1º grao). O BUP constaba de tres cursos iguais para todos que, unha vez aprobados, conferíanlle ao alumno o título de Bacharel, co que podía ingresar na Universidade previo un curso engadido de orientación universitaria (COU).



O COLEXIO DA BARQUIÑA CELEBRA O DÍA DA PAZ NA ALAMEDA NOIESA (1998)

— *A Formación Profesional (FP)* constituía a rama profesional do ensino secundario posobrigatorio. A FP1, que tiña dous cursos e era de carácter gratuito para todos os alumnos que non continuasen estudos de Bacharelato, podía realizarse en máis de vinte ramas distintas subdivididas en especialidades. A superación da FP1 daba dereito ao título de Técnico Auxiliar. A FP2 constaba de tres cursos e comprendía máis de sesenta especialidades. O alumno que aprobase os tres cursos recibía o título de Técnico Especialista que lle permitía o acceso ao COU ou directamente ás Escolas Universitarias que impartían ensinanzas análogas ás cursadas. Aínda que este tramo educativo estaba chamado a servir de preparación para o desempeño cualificado das distintas profesións, a progresiva falta de valoración social sufrida (non en balde a maioría dos alumnos foran “fracasados” da EXB) convertiu a Formación Profesional no reducto menos coidado da Lei Xeral de Educación.

Recollía esta lei tamén outros tipos e modalidades de ensino distintos aos xa citados pero imbuídos dentro do sistema de “educación permanente” que a lei pretendía establecer. Estamos a falar da Educación Permanente de Adultos (EPA) que podían realizar sectores específicos dos centros ordinarios ou centros creados a tal fin. Tamén regulaba a Educación Especial, que hoxe se renovou totalmente ao porse en práctica o programa de integración do alumnado con necesidades educativas especiais.

Pero quizais o aspecto máis chamativo da LXE foi a novedosa estruturación dos centros educativos de E.X.B. Abandonáronse as escolas unitarias (algunhas quedaron como parvularios) así como as antigas agrupacións escolares e construíronse grandes edificios nos que se concentraron os alumnos e alumnas de cada Concello ou bisbarra. Isto comportou a convivencia dos profesionais do ensino e a convivencia de nenos e nenas que nunca saíran da súa aldea ou parroquia o que, sen dúbida, influíu positivamente no aproveitamento académico e no desenvolvemento das relacións humanas coa única pega de que a parroquia tradicional, no camiño xa iniciado da súa perda de identidade, quedou sen mestre e sen escola que en tempos anteriores servíranlle de elementos de aglutinación e personalidade. E como os cestos non se fan sen corres, o desenvolvemento desta lei supuxo un enorme esforzo económico para o Estado pois ao custo xa grande da construción dos edificios houbo que engadir o transporte escolar e a inversión en comedores escolares.



COLEXIO PÚBLICO FELIPE DE CASTRO (BERGONDO)

A APLICACIÓN PRÁCTICA DA LEI XERAL DE EDUCACIÓN

No Concello de Noia este novo proxecto educativo plasmoste na concentración de todas as escolas públicas do Municipio, agás a unitaria da Chaínza, nun só centro ubicado en Bergondo e que foi bautizado co nome de Felipe de Castro, o insigne escultor noiés do século XVIII e destacado benefactor a través da Casa da Gramática. Este Colexio Público, na actualidade Colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP), abreu as súas portas, baixo a dirección de Emilio Gómez Iglesias, no curso 1974-75 para recibir un aluvián de alumnos e alumnas –arredor do milleiro, distribuídos en máis de 30 unidades– procedentes de todo o Concello de Noia, ademais dos nenos de Arxellas e Soutelo da parroquia de Camboño (Lousame). Hoxe unicamente conta con 18 unidades para uns 400 alumnos a causa da redución do ensino primario ata os 12 anos pola LOXSE, o tremendo descenso do índice de natalidade e a posta en funcionamento do Colexio Público A. Rodríguez Cadorso, no lugar da Barquiña.

Este centro que leva o nome do egrexio anatómico e rector da Universidade compostelá o noiés Alexandre Rodríguez Cadorso (1887-1934) comezou o seu funcionamento o 8 de xaneiro de 1985 baixo a dirección de Sebastián Paz Suárez como Colexio de E.X.B. con 3 unidades de Educación Infantil e 16 de Primaria que conformaban un censo de alumnado de máis de 400 nenos e nenas pertencentes todos á parroquia de Santa Cristina de Barro coa excepción das aldeas do eixo da estrada Noia-Santiago e o engadido da Pontenafonso da parroquia de Santa María de Roo. Destacou este centro sempre pola realización de actividades complementarias e extraescolares relacionadas co entorno e con Galiza en Xeral; magostos, maíos, entroidos, obradoiros internivellares de todo tipo, filatelia, teatro e, sobre todo, animación á lectura e o cultivo das nosas letras con charlas de escritores tan sobranceiros da nosa literatura como Manuel María ou Uxío Novoneira.

Se o esquema fundamental da Lei Moyano perduraría durante máis de cen anos, a Lei Xeral de Educación de Villar Palasí, pola contra, pouco pasaría dos vinte, pois unha serie de factores, como a existencia dunha formación máis adecuada ás necesidades do século XXI, a entrada de España na Unión Europea e o crecemento vexetativo negativo forzaron a posta en marcha dunha nova lei de Educación (LOXSE) que vai cambiar, máis unha vez, os planos da formación integral da nosa infancia e mocidade, o prometedor futuro do País.

Noieses do século XXI

Xerardo Agrafoxo

A publicación na *Revista Alameda* dun traballo anterior, referido á permanencia no concello de familias cunha orixe allea a Galicia, levounos a realizar unha investigación sobre a existencia na vila doutras etnias que pola súa diversidade cultural e racial enriquecen o panorama demográfico de Noia neste comezo do século XXI.

O traballo artellouse durante o mes de maio, a carón das eleccións municipais e as numerosas noticias que agromaron nos xornais sobre o fenómeno da emigración e a crise da poboación galega. Algunhas moi relevantes: Nun século a natalidade caeu en Galicia o 80%. Dos 315 concellos, Ames é o único que non sufriu recortes de natalidade nos últimos 25 anos. Case o 10% dos nacementos de España proceden de nais inmigrantes.


Seguindo as diversas fontes de información empregadas, conseguimos localizar a algunhas destas familias que por diferentes veiros ancoraron nesta marxe oriental da ría, tan lonxana cultural e xeograficamente dos seus berces, para deixar a semente das súas raíces africanas e andinas entre nós.

O saharauí Mohamed Aabid Aomar foi a primeira persoa entrevistada. O amable compatriota leva máis de 25 anos vivindo no lugar de Barro, perfectamente integrado entre os seus veciños e desexando ver a súa terra de orixe. Recibiunos no seu domicilio, unha tarde fría da última primavera, facendo honra da hospitalidade do seu pobo. Sen reparos contounos a historia da súa vida polas áridas terras do Sáhara:

Nacín no Aaiun no ano 1949. Meus pais eran nómades. Eramos sete irmáns. Percorriamos o deserto, á beira do leito de auga que marcaba o Saguia el Hamra. Durmíamos nas jaimas. Tiñamos bastantes dromedarios e ovellas que vendíamos con regularidade no mercado de Smara. Nunha táboa estudiábamos O Corán cun mestre contratado polas familias que compoñían a caravana. Cobraba unhas pequenas cantidades de zucre, té,

leite, pan, manteiga e outros productos propios da nosa rexión desértica. Durante o verán vivíamos a carón do reseco río que permitía a vida durante todo o ano. Había gacelas e árbores.

A vida nómade do saharauí Mohamed Aabid, ao lombo dos dromedarios da caravana familiar a través dos mares de dunas do Sáhara, cambiou radicalmente cando seus pais tomaron a transcendente decisión de establecerse na cidade costeira do Aaiun, á beira da costa atlántica:



O SAHARAUÍ MOHAMED AABID
AOMAR EN BARRO.

Meu pai vendeu todo e estableceuse no Aaiun no ano 1958. A primeira vivenda que tivemos foi unha barraca. Meu pai traballaba nunha empresa do Estado español, facendo estradas e outras obras. Eu comecei a traballar na construción. Gañaba 500 pesetas ao mes. A vida era moi dura. Tamén ía a clases do Corán. Meus irmáns tamén traballaban. Un era aprendiz de mecánico, outro era empregado nunha empresa privada da construción e outro tiña unha tenda. Miñas irmás quedaban na casa. Agora todos viven no Aaiun. Teño primos refuxiados nos campamentos de Tinduf. Un deles é funcionario da Fronte Polisaria. Estudiou en Villa Cisneros e foi secretario do Gobernador do Aaiun.

Outra volta de torca máis na vida de Mohamed Aabid produciuse cando deixou atrás o continente africano. Durante quince días visitou as illas Canarias cun amigo. Aquela viaxe marcaría o seu porvir. No ano 1969 estableceuse en Tenerife. Dende aquí o destino levaríao ata Barro. Nunca aquel nómade saharauí, que tivera o seu berce nas terras regadas polo Saguia El Hamra, puidera adiviñar a onde iría:

Vivín catro anos en Tenerife. A vida era máis doada. Traballaba na empresa Dragados e Construccions. Logo, por consello dun amigo, deixei o traballo de panadeiro e comecei a coñecer mundo, pero en lugar de coller un barco da mercante tomei un de pesca en Las Palmas onde as condicións de traballo eran moi sacrificadas. Un amigo, que estaba casado cunha muller de Nebra, deume o enderezo dunha moza galega. Escribinlle axiña e mandoume unha foto. Vin a Noia no ano 1976 e caseime aquí en Barro. Logo dunha estadia en Canarias volvemos a residir en Noia. Agora sigo embarcado e teño catro fillas: Beatriz, Suelma, Daryalda e Salka. Son feliz en Noia, pero boto de menos á miña familia. Só unha vez visítoume un primo saharauí que vive en



AS CATRO FERMOASAS FILLAS DE MOHAMED AABID: BEATRIZ, AS XEMELGAS SUELMA E DARYALDA, E SALKÁ.

Madrid. Só sinto que son un estraño cando escoito o meu nome árabe nos hospitais. Aquí a xente é moi acolledora e moi aberta. En Galicia respéctase moito aos estranxeiros. En Marrocos a vida é máis complicada. A xente escapa en pateras, porque manda o réxime militar e o Rei.

Días máis tarde do afectuoso encontro con este veciño de orixe saharauí localizámos en Bergondo a unha familia exipcia. Levan anos traballando con dilixencia no mercadillo instalado no Forno do Rato e no Curro. Elsayed Sadek Hassan e a súa dona Sahar Elshat Elsayed, licenciados en Ciencias Económicas, teñen catro fillos: Manal, Omneia, Aya e Ahmed. Recibíronos con agarimo na súa casa e, a carón dunha fumegante cunca de té e unhas pastas típicas, contáronos a súa vida mentres unha parabólica ofrecía imaxes dun vibrante partido de fútbol da Copa de África:

Cheguei a España o 25 de outubro do ano 1988 cun visado de turista para dez días. Estudiamos economía na universidade de Al-Mansurah, situada entre a cidade de O Cairo e Port Said. Somos dunha vila, situada no corazón do delta do Nilo, que se chama Mit-Abokaled e atópase preto de Mit Gahmr. Despois de rematar a carreira e o servizo militar decidín emigrar a Europa. Un continente que para nós sempre fora un símbolo de liberdade e riqueza. Fun a todas as embaixadas europeas no Cairo e só conseguín o visado para España e Portugal. Estiven en Madrid cinco días. Logo, por consello dun amigo visitei Santiago, onde había menos controis e a vida era máis tranquila. En Santiago estiven sete anos. Xa levo en Noia oito como vendedor ambulante no mercado do Curro e na rúa do Forno do Rato. Os nenos naceron aquí e teñen a nacionalidade española. Vivimos en Noia porque é o centro da comarca e a vida nas vilas pequenas é máis barata.



A FAMILIA EXIPCIA ELSAYED-ELSHAT COS CATRO FILLOS:
MANAL, OMNEIA, AYA E AHMED.

Despois desta breve exposición, Elsayed Sadek relátounos algunhas curiosidades sobre a súa marcha de Exipto e as circunstancias da estadía nas terras de Noia:

Cando cheguei non sabía nada de español. Eu só falaba árabe e inglés. O exipcio é un idioma moi complicado. A nosa lingua é moi comprensible nos demais países árabes, de tal xeito que a maioría dos presentadores das televisións do mundo árabe son os meus compatriotas, pero a nós polo contrario cústanos entender as diferentes variantes do árabe. Un marroquí do mercadillo da Rúa Nova de Santiago axudoume a dar os primeiros pasos no mundo do traballo. Matriculeime no Instituto de Idiomas e comencei a comprender algo. Estiven en Santiago tres anos e oito meses. Tan pronto regularice a miña situación volví ao Cairo. Fun só trinta e cinco días. Casamos no ano 1994 e ela véu ao ano seguinte.

Sendo o mundo árabe unha fonte constante de información, a opinión deste matrimonio exipcio resulta interesante dado o coñecimento que teñen dunha realidade que na maioría dos casos se nos ofrece de maneira ten-

denciosa. Tamén resulta curioso escoitar destas persoas cultas e abertas a relación que gardan as súas nenas con Noia:

A xente en Exipto é máis relixiosa. Isto non se debe confundir co integrista. Nalgúns países árabes a xente vota polos partidos relixiosos porque son os únicos que se preocupan do pobo. Para nós rezar é como traballar. Mentres se está na mezquita non se fai dano a ninguén. É importante rezar porque nese intre non se están pensando cousas malas. O andar co pano na cabeza é unha forma de interpretar esta relixiosidade. A miña dona véu de Exipto sen hijab e agora lévao como unha forma de afirmar as súas crenzas relixiosas. A xente ao principio no mercado preguntáballe se tiña frío ou estaba enferma, pero agora todos comprenden e respectan a súa decisión. Se chegado un intre as fillas deciden levar o hijab coido que debemos respectalas. Pero elas están moi integradas aquí. Están contentísimas no Colexio de Bergondo. Malia que nós temos unha parabólica para acostumar ás nenas a falar o noso idioma, elas non están engan-chadas a Al Jazeera, senón á TVG. Falámoslle en árabe, pero elas contestan en galego.

No medio da conversa xurdiu o problema da xenofobia e o futuro que lles agarda en Noia. Na charla amosan a súa sorpresa pola vida que levamos aquí e incluso indican as súas simpatías de cara ás municipais, aínda que por deferencia non desvelamos as súas preferencias políticas:

Estamos namorados de Noia porque a vida en Exipto é moi difícil. As fillas non queren escoitar saír de Noia. Vivir no Cairo, a onde emigra unha boa parte da nosa poboación, é imposible. Na capital viven durante o día 24 millóns de persoas. Durante a noite durmen na cidade 18 millóns. Moitos en malas condicións. Vin de ilegal, pero agora xa regularice a miña situación administrativa. Cando a xente se entera

de que somos de Exipto non recean da nosa orixe. Sucede todo o contrario. Semella que estamos ben considerados polas raíces culturais do noso pasado. Tan pronto oen o nome do noso país, comezamos a escoitar referencias ao Monte Sinaí, o Nilo e as Pirámides. A xente queda contenta. Nunca observamos ningunha ollada desagradable. Sen embargo chámanos a atención o culto que hai polo traballo. Ter traballo aquí é a máxima aspiración. As vacacións son importantísimas. Todos aspiran a ter o sábado e o domingo libre. A Semana Santa é para viaxar.

Antes de entrevistar á terceira persoa, o xornal *El País* ofrecía tres datos salientables sobre a inmigración en España: Segundo un estudio do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX), cando un inmigrante é denunciado, prodúcese unha sentenza desfavorable no 70% dos casos, pero cando o inmigrante é quen denuncia o número de condeas baixa ao 25%. Nun futuro próximo o 20% dos cidadáns en idade de traballar serán inmigrantes. Dende o ano 2001 aumentou nun 30% o número de extranxeiros nacionalizados.



A COLOMBIANA ELSA ORTIZ

Baixo esta realidade social que nos afecta a todos, nalgún caso de maneira ominosa, conversamos con Elsa Ortiz, unha colombiana que leva un ano residindo en Noia. Malia a serenidade que abrolla das palabras que saen dos seus beizos, escoitar a experiencia da súa vida no país andino arrepía:

Nacín en Tumaco, unha vila costeira do Pacífico, próxima á Cordilleira dos Andes e que pertence á provincia de Nariño. Unha vila abandonada polo goberno. O meu home era mariñeiro. Era empregado dun barco que faenaba pola costa. Ao quedar viúva marchei cos fillos para Cali, onde estiven máis de vinte anos. Viviamos de aluguer nunha chabola de madeira e latas, nunha situación parecida ás das favelas de Brasil. O chan era de barro e só tiñamos dúas camas, unha mesa, uns pratos e unha ola para facer a comida. Non había auga. A policía tiña medo de entrar nestes arrabaldes. Traballaba en casas de familias. Marchaba do ranchito ás seis da mañá e regresaba de noite. Sempre andaba polas rúas asustada. Sobre todo polos roubos. Hai atracos a cotío. A filla maior coidaba aos nenos. Sufrín desde que nacín. Doume conta da miña desgracia dende que teño uso de razón. A vida era angustiosa. A través dun programa de Tele5 coseguín que me apadriñaran un fillo. O diñeiro quedaba no camiño, porque co que me daban só lograba comer dous días. A xente manda cousas de boa vontade, pero os alimentos e os cartos non se reparten.

Interrogada por algunha cuestión concreta referida ao seu país, as respostas desta muller sensata e discreta semellan tan sinceras como contundentes. É a xornada anterior a celebración do Día das Letras Galegas en Noia e a súa última afirmación semella oportuna:

En Colombia hai moita humillación. A xente humilde non ten porvir. Estudiar é moi difícil. Se protestas chámante tola e poden merterche no cárcere ou nun manicomio. A guerrilla e os narcos teñen destrizado ao país. García Márquez é moi amigo dos ricos. Dende que se necesita visado para viaxar a España a inmigración resulta casi imposible. Qué traballador pode conseguir 12 millóns de pesos, equivalentes a máis de seis mil euros para pagar a Visa. Ademais hai que ter un contrato de traballo e unha conta bancaria. Nótase que en España non se dan conta de que noutras épocas eran eles os emigrantes, como o poeta que viviu en Cali.

A peripecia da súa chegada a Noia é toda unha odisea. Unha de tantas historias daquela emigración atlántica que sufriron os galegos no século pasado, pero en dirección contraria. A conversa prodúcese mentres un fillo

chama de maneira inquietante dende Quito, onde espera conseguir un visado para España, e unha neta conta a súa andaina polo Colexio Público de A Silva (Lousame):

A miña filla maior, cansada de tanta humillación e miseria, marchou a través dos Andes ata Ecuador. Dende aquí, conseguiu chegar logo dunha esgotadora viaxe a Perú e Chile. Antes de marchar dixera que non aguantaba máis a fame. En Santiago de Chile coñeceu a unha persoa que logrou levala ata Madrid e coa cal casou en Noia. Ela preparoume os papeis para traerme a min. Saímos porque daquela aínda non había Visa. Vin cun primo que nada máis poñer o pé en Tenerife deportárono para Bogotá. Vin a luz cando cheguei a Madrid. Visitaba igrexas para conseguir traballo, e mentres axudaba na pensión onde me acolleron. Dende a capital trasladeime a Noia onde vivo con dúas fillas. Teño dous fillos en Colombia, un en Ecuador, que espero ver aquí dentro de pouco, e outro en Tenerife. Gustaríame ter un traballo en Noia, como o que tiña en Madrid. Traballando nunha casa.

Cando falamos coa seguinte informante, varias noticias vencelladas ao seu país eran portada nos xornais: España pon en marcha a *Operación Ulises*, un amplo dispositivo militar para controlar as fronteiras do sur. Nace en Rabat o príncipe Hassan, fillo do rei Mohamed VI, e herdeiro do trono alauita. Concédese o Premio Príncipe de Asturias das Letras á americana Susan Sontang e á marroquí Fátima Mernisi.

A conversa ten lugar baixo a luminosa bufarda da biblioteca da Casa da Cultura. Un espazo familiar para Zohra Benamar, unha moza amable, sensible e políglota. Con tan só vinte e sete anos fala seis idiomas: árabe, francés, italiano, inglés, castelán e galego. Síntese emocionada polo nacemento de príncipe Hassan e contenta polo premio otorgado á autora de *Sueños en el umbral*. O tema das pateras prodúcelle tristeza. Nun principio cóntanos a historia da súa orixe e a súa facilidade para os idiomas:

Nacín en Tetuán. Vivín nesta cidade, que fora capital do Protectorado de España, ata os cinco anos. Logo marchei coa familia a M'Diq, unha pequena vila da costa mediterránea. Somos tres irmáns: Fátima, Zohra e Youssef. Estudiei no instituto de Tetuán e na Facultade de Letras e Ciencias de Martil. Aquí rematei a miña Licenciatura de Filoloxía Inglesa. Na casa aprendín o árabe. No colexio estudiaba francés e na universidade o inglés. Entendo o italiano porque estiven na universidade de Perugia. Vendo Heidi, Marco e outras series de debuxos animados da TVE comecei a falar español. Dende que vivo en Noia entendo sen problemas o galego.



A MARROQUÍ ZOHRA BENAMAR NA
SÚA CASA DE NOIA

¿A que se debe a estadia desta moza universitaria marroquí na vila de Noia? Todo semella que a súa viaxe non garda vencello co fenómeno da inmigración ilegal. Aínda que sabemos da súa voda cun membro da nobre familia dos *Bolos* da Rusia Pequena, as súas medidas palabras explican mellor as causas do éxodo de Zohra Benamar:

Á volta dunha estancia de dous meses en Perugia, coñecín a Segundo, que traballaba nunha empresa española que se dedicaba a dragar o río Martil. O encontro foi casual. Uns meses máis tarde, en agosto do 98, casamos en Tetuán polo rito musulmán. No ano 2000 viñemos para Noia, onde naceu a nosa nena Aida, que por circunstancias do destino apelídase Amar Beamar. Eu nunca estivera en España, só en Ceuta, pero sempre considerara a posibilidade de viaxar polo estranxeiro e sobre todo a Andalucía onde estivera miña irmá. Sempre comentaba que era unha terra moi fermosa.

¿Cómo é a súa vida en Noia? ¿Que bota de menos do noso veciño do sur?

Observa Zohra Benamar algún comportamento sospeitoso sobre as súas orixes étnicas nas calurosas terras rifeñas. ¿Algunha vez a súa sensibilidade foi ferida por mor da súa orixe?:

Son de orixe bérber, pertenzo a unha familia nómade orixinaria dunha aldea das montañas do Rif. O meu avó paterno foi o primeiro en emigrar á cidade. Miña nai é de Khamis Anjra. Agora viaxo unha vez ao ano para ver á miña familia. Aquí a vida é moito máis doada, pero non podo esquecerme da cociña marroquí, sobre todo o cus-cus, a harira, o tajine e os ricos doces árabes. Lembro o clima, máis quente e soleado có de Galicia, e a xente que semella máis unida e familiar. Cando vivía en Marrocos a maioría das alumnas do instituto ou da universidade non levabamos o hijab, pero facíamos o Ramadán. Isto non impide que haxa discotecas e bikinis nas praias durante o verán. En Noia teño moitas amigas e nunca sentín ningún rexeitamento por ser marroquí. Polo acento pensan que son andaluza ou francesa. A xente observa algo distinto na fala, pero unha vez que me coñecen actúan con normalidade. Din que non me identifican con Marrocos, porque determinadas imaxes que aparecen na TV levan a unha confusión xeralizada. Viaxar de maneira legal é moi complicado polos trámites que existen no Consulado español de Tetuán.



ZOHRA BENAMAR COA SÚA FILLA
AIDA AMAR BENAMAR



ZOHRA BENAMAR E O SU HOME DIANTE DA LUMINOSA
KASBAH DE TETUÁN

A última das persoas entrevistadas é angoleña. Unha muller sincera, vital e intelixente. Chámase Sany Paulo e vive en Noia dende o ano 1995. Naceu na vila costeira de Tomwa (Porto Alexander), dentro da provincia sureña de Moçamedes (Namibe), e pertence á etnia negra dos Mukumabal. A conversa prodúcese na Cafetería Torres. Uns días antes abordáramola na rúa, e, coa mesma naturalidade con que atendeu a nosa proposta, explicounos mesturando o portugués co castelán como ten afondadas no seu corazón as raíces africanas:

Antes de marchar os portugueses de Angola vivía nunha chabola de latas e cartóns. Meus pais tiveron doce fillos, pero só lle sobreviviron sete. A partir dos seis anos fomos para a cidade. Eramos moi humildes, sen embargo a xente era moi boa. Crieime nun ambiente de xente moi sá. Cando eres pobre eres máis feliz. Eu pensaba que todo o mundo era como Angola. Todos nos axudabamos. O pobo era moi alegre. A vida non se acaba porque non tes uns zapatos de marca. Ensináronme a dar as gracias polo que teño, porque sempre hai xente que ten menos. Se tiñas unha necesidade calquera veciño botábache unha man, sobre todo se eres un neno. Estudiei na escola, no instituto e cursei un ano de Bioloxía na universidade. Tamén practiquei o atletismo. Gañei o campionato provincial e tamén xoguei ao volei-vol. Cando deixei os estudos comecei a traballar nas oficinas dunha empresa de pescado. Meu pai morrera na guerra e todos os irmáns tiveron que traballar dende mozos. Coa saída dos portugueses o país divideuse e a guerra foi inevitable.

Co remate do colonialismo portugués, comezaría unha cruenta guerra civil entre o Movemento Popular de Liberación de Angola (MPLA), apoiado por Cuba e Rusia, que acadou a Presidencia do país por medio do seu líder Agostinho Neto, e os guerrilleiros da Unión

para a Independencia de Angola (UNITA) de Jonas Savimbi, axudado polo Zaire, Estados Unidos, Sudáfrica e China. Como sempre, no medio do devastador conflito, os xacementos de petróleo e as ricas minas de diamantes converteron a Angola nun campo das rivalidades internacionais. A guerra fraticida rematou uns meses atrás coa violenta morte de Savimbi, pero deixou ao país nunha situación de creba total. Mentres a guerra se extendía polo interior do desolado territorio angoleño, Sany Paulo coñeceu a un mariñeiro de Noia:

El traballaba na empresa Gabrielitos que se dedicaba a importar pescado para España. Era mariñeiro. Logo quedou no almacén. Casamos alá polo xulgado, aínda que eu son católica como el. Despois de nacer Tamara viñémonos para Noia, onde levo oito anos. Nunca viaxei a Angola, aínda que de vez en cando véñenme a visitar compañeiros que fan escada no porto de Vigo. Alí agora é moi difícil a vida. Cando estaba eu era diferente. O comportamento da xente é máis aberto e natural. Aquí sintome culpable por ser negra. Teño moitos amigos que me aprecian e respectan, pero outras persoas por se negra pensan que veño da selva. Isto chámase racismo. Están pendentes da miña conducta. Amais decátome que estou controlada. Non podo moverme da casa sen unha mirada desconfiada. Ás veces sintome soa. Aquí a xente cre que é moi libre, pero eu observo xustamente o contrario. Ademais é moi puritana. Canto máis ricos, máis reaccionarios. A miña filla está moi contenta aquí. Non lle fales de marchar a ningunha parte. Para min vir de Angola foi un erro. Alí era máis feliz. Nacín na miseria dunha chabola, pero non me importaría marchar para o meu país.

Esta é a historia dunhas persoas que por diferentes motivos abandonaron as súas terras. Hoxe hai máis de un millón e medio de extranxeiros en España; medio millón



A ANGOLEÑA SANY PAULO

non teñen os papeis. Cada ano serán máis. Na inmensa maioría proveñen dos países do Terceiro Mundo, que pagaron nos últimos anos 3,4 millóns de dólares de débeda, e recibiron de cinco nacións do G-8 o 80% das armas vendidas no mundo, malia que son transgresores dos dereitos humanos.

Ata aquí os sentidos relatos do saharuí Mohamed Aabid, a familia exipcia Elsayed, a colombiana Elsa Ortíz, a estudante marroquí Zohra Benamar e a angoleña Sany Paulo. Noieses do século XXI. Xente nobre e sincera. Gracias a todos por desvelarlle aos numerosos lectores da Revista Alameda unha parte da súa intimidade máis descoñecida. Outras persoas e outras familias procedentes dos máis diversos lugares deste controvertido mundo compoñen a cidadanía da vila de Noia. Unha clara mostra do mestizaxe cultural que debe rexeitar aquela vella e aldraxante apreciación: os últimos emigrantes sempre son os peores. Non é certo.

Ata aquí as confesións persoais, as reflexións compartidas e tamén sonoros silencios que nalgúns casos delatan na nosa sociedade comportamentos sociais un tanto sospeitosos. Certos receos etnocéntricos e insolidarios que desvelan, sen dúbida, unha sabia denuncia: O racismo máis perverso sempre é o inconsciente.



A ANGOLEÑA SANY PAULO DIANTE DO PAZO DACOSTA, XUNTO CO AUTOR DA REPORTAXE E A SÚA DONA.

Xeografía

O arquitecto Antonio Palacios no Concello de Noia

Pedro García Vidal

Edificios complementarios da Central Eléctrica do Tambre. Unha arquitectura en granito á procura dunha identidade galega

En datas pasadas, do 13 de novembro de 2001 ata o 2 de xaneiro de 2002, e con motivo de cumprirse o 75 aniversario do Círculo de Bellas Artes de Madrid, quixeron as institucións madrileñas recordar ó que fora creador da súa sede, o arquitecto porriñés Antonio Palacios Ramilo, cunha completa exposición sobre a súa amplísima e importante obra. Madrid acordaba dun galego que erguera edificios senlleiros da súa xeografía urbana, fitos referenciais fundamentais da paisaxe construída madrileña, como o mesmo Círculo de Belas Artes, lugar que ía acoller a exposición sobre a súa persoa, e que tiña por obxectivo recuperar a memoria dun dos creadores do esplendor do Madrid moderno. Tratábase, sen dúbida, dunha merecida homenaxe a un dos grandes arquitectos galegos –un home practicamente esquecido nestas terras como tantos outros creadores –, un arquitecto que fixo do granito un elemento nobre en construcións sobranceiras, débeda que hoxe Galicia ten co seu difusor e persoa que o popularizou.

A mostra constituíu a necesaria revelación ó gran público dos conceptos arquitectónicos de Palacios, ó que Madrid debe edificacións simbólicas e cosmopolitas que a situaron na liña de monumentalidade doutras capitais europeas. Palacios recuperaba, deste xeito, o lugar de privilexio que merecía na historia dos creadores de edificios. O seu esquecemento era de todo inxusto.

Posteriormente, a devandita exposición recalou en Galicia, pasando sucesivamente polas cidades de A Coruña e Vigo, non tendo sen embargo, a repercusión que merecera. Este porriñés, un dos grandes mestres da arquitectura, tal vez, como ocorre a cotío, por ser tan próximo é un dos esquecidos da historia.

ANTONIO PALACIOS RAMILO. CONSTRUCTOR DE MADRID

No cemiterio Municipal de Porriño, “*baixo unha lousa de granito das canteiras de Vila Fría*”, como fora o seu desexo, aparece grabada a inscrición: Antonio Palacios. Arquitecto. Así, dunha maneira tan simple, en contraste coa grandiosidade das súas obras, atópase soterrado un dos máis grandes arquitectos galegos: Antonio Palacios Ramilo.

Nacera Palacios na vila pontevedresa de Porriño no ano 1874, sendo o menor de catro irmáns. Desde moi novo, e seguramente influído polos seus irmáns inxeñeiro e topógrafo, séntese atraído polo mundo da construción, polo que acudirá a Madrid con vistas a realizar a carreira de arquitectura. Finalizados os estudos comeza en 1900 a traballar profesionalmente como arquitecto.

O prestixio de Palacios cimentouse, sen dúbida, nunha serie de edificios fundamentais levantados en Madrid durante o primeiro tercio do século XX. A importancia da obra de Palacios nesta cidade á que mudou a súa iconografía, ponse de manifesto na exposición organizada polo Círculo de Bellas Artes que vai levar o signi-

ficativo título: *Antonio Palacios. Constructor de Madrid*.

As obras de Palacios en Madrid van transformar a silueta dunha pequena cidade para convertila na metrópole actual. Moitas das súas realizacións pasaron a formar parte da paisaxe cotiá de Madrid constituíndo, moitas décadas despois da súa realización, os mellores edificios da cidade. O *Palacio de Comunicaci3ns*, as sedes do *Banco Central* e do *Banco Espa3ol R3o da Plata* (hoxe SCH), as *Casas de Malesanz e Palazuelo*, ou o propio *C3rculo de Bellas Artes*, xunto con toda a *li3a decorativa do Metro*, dos seus *accesos*, e os *edificios auxiliares*, a parte de outras realizacións, son fitos urbanos que mudaron a cidade de Madrid e a súa percepci3n.

RENOVACI3N E TRADICI3N

Hai na arquitectura de Palacios un di3logo permanente coa historia que fai que a súa obra est3 conectada cun persistente eclecticismo que busca no modernismo que agroma a asunci3n dunha renovaci3n non rupturista. Palacios sost3n a súa obra dende un substrato ecl3ctico, no que a arquitectura 3 un obxecto art3stico, pero non por iso renuncia a unha maneira propia de facer e incluíndo t3dalas novidades que non rachen este posicionamento.

Palacios 3 un arquitecto que vai un pouco contracorrente. Nun momento en que a arquitectura cami3a deci-

didamente cara 3 modernismo deixando de lado definitivamente a historia, el opta por unha opci3n distinta, e tomando como base a tradi3n rexeita a universalizaci3n da forma que proclaman as vangardas. Os materiais que lle aporta a historia constit3en os alicerces da súa sensibilidade art3stica e recolle con pasi3n todo un pasado construído en pedra; pola contra, rexeita todo aquilo que te3a que ver coas vangardas: todo lle val3a menos as vangardas.

Foi Palacios, por todo o dito, un arquitecto pol3mico no seu tempo. Considerado polos especialistas como excesivamente conservador e grandilocuente nas s3as li3as, era sen embargo admirado polo pobo pola fermosura das s3as realizacións. A definitiva implantaci3n trala súa morte do Movemento Moderno, con todo o que de rexeite ten de aquilo que te3a que ver co historicismo ou eclecticismo, fixo que a obra de Palacios caera nun xeralizado esquecemento.



A CATEDRAL DA LUZ. A FIGURA GRANÍTICA DA CENTRAL EL3CTRICA DO TAMBRE EMERXE NA PAISAXE VEXETAL A MODO DUNHA SINGULAR IGREXA RURAL.

PALACIOS EN GALICIA

No caso da arquitectura proxectada para Galicia as relacións coa tradición semellan acentuadas mentres que as tendencias renovadoras van verse mitigadas. De tódolos xeitos na obra en Galicia, e sempre dentro dun substrato común ecléctico no que aparecen claras referencias da tradición clasicista e ós principais estilos históricos presentes en Galicia, Palacios fai obras de clara orientación madrileña e outras de clara tendencia rexionalista.

As referencias expresionistas ós estilos románico ou gótico buscan, xunto coa asimilación de formas constructivas tomadas da arquitectura popular, a través do granito como material básico, unha identificación coa terra de Galicia.

Os principais proxectos en Galicia vai realizalos no seu Porriño natal. A súa primeira obra inaugurada no 1905 vai ser a *Fonte do Cristo*. Nela a integración de materiais como granito, cerámica e ferro, xunto coa súa orientación ecléctica dentro da tradición das fontes barrocas galegas, van ser características que se manteñan na obra de Palacios. Logo realiza a *Escola Fundación Fernández Areal* e máis tarde a “*Botica Nova*” que proxecta para o seu irmán José, farmacéutico da vila.

A Porriño vai chegar tamén no ano 1971 o *pavillón de acceso ó Metro de Madrid*, antes colocado na Gran Vía madrileña, e que ante a decisión da compañía de retiralo, decídese o seu traslado a Porriño.

A *Virxe da Rocha de Baiona*, inaugurada o 14 de setembro de 1930, vinte anos despois do seu comezo, foi igualmente proxectada por Antonio Palacios aínda que na súa realización sofre unha serie de cambios con respecto ó proxecto inicial, especialmente referidos á ornamentación do monumento, o remate superior e o cromatismo. Nesta obra Palacios deixa camiño a unha fan-

tasía chea de referencias simbólicas, como por exemplo a barca coas velas despregadas que a virxe sostén nun dos seus brazos, en clara simboloxía da chegada a Baiona da primeira nao que trae novas sobre a feliz viaxe de Colón ó novo mundo.


Entre os anos 1908 e 1910 Antonio Palacios realiza os proxectos para o *Balneario de Mondariz* (*Hotel-Sanatorio, Pavillón da Fonte*) convertido neses anos nunha estación termal das principais da península.

O *Teatro García Barbón* é a principal obra de Palacios na cidade de Vigo e posiblemente a obra que máis o deu a coñecer en Galicia. Este edificio, hoxe Centro Cultural de Caixavigo, presenta unha linguaxe dun eclecticismo academicista de clara orientación francesa moi ó gusto da burguesía da época. Pola súa situación e monumentalidade, así como polas actividades ás que vai adicarse, este edificio vai converterse nun fito referencial básico da cidade, cousa por outra banda, moi do agrado do arquitecto e por iso con frecuencia buscado.

Unha característica presente en toda a obra galega de Antonio Palacios, incluso na dedicada a vivenda residencial, así como tamén, como logo veremos, na edificación



DETALLE DA FACHADA PRINCIPAL. CORPO SUPERIOR DA PORTADA
CON PEQUENAS FIESTRAS, ESCUDO E ADORNOS NO REMATE.



LATERAL DO EDIFICIO QUE OLLA CARA Ó LESTE. OS GRANDES VANS EN ARCOS DE MEDIO PUNTO QUE SE ABREN NO MURO, ENCHEN DE LUZ NATURAL O INTERIOR.



FACHADA NORTE. NESTA TOMA PODE APRECIARSE A VERSATILIDADE DO GRANITO NAS DIFERENTES SOLUCIÓNS PARA OS MUROS, VANS, ZÓCOLO, ESQUINAIS, CHEMINEAS, MODILLÓNS, ETC. O GRANITO APARECE EN CARAS BASTAS NAS QUE SE PRESCINDE DO TRABALLO FINO DE CANTEIRO OFRECENDO UN ASPECTO DE PLACAS SOBRESAÍNTES.

industrial, é a clara orientación rexionalista. Palacios recolle dos estilos históricos con presenza destacada en Galicia e dos sistemas constructivos tradicionais, elementos que logo traslada ás súas arquitecturas para dar lugar a unhas obras de alto contido creativo cunha linguaxe moi expresiva e persoal. A súa relación con correntes arquitectónicas á procura dunha arquitectura propia como pode ser a hispana, a catalana, ou a inglesa, vai facer que Palacios se vaia achegando á arquitectura rexionalista. Sen dúbida, a existencia dunha potencial demanda deste tipo de arquitectura en Galicia cimentada no labor do movemento Galeguista a transmitir á sociedade a realidade do feito diferencial galego, vai repercutir na orientación do arquitecto. Desde o achegamento á dimensión máis cultural do galeguismo e tendo coincidencia cos intelectuais deste movemento na necesidade


de renovación e revitalización de Galicia, Palacios aproxímase desde a arquitectura na procura das raíces galegas. Este interese pola busca dunha estética entroncada coa terra galega maniféstase xa nunha serie de propostas que expresa en escritos varios na prensa viguesa ou, como no texto que segue, a través da memoria do Plano de Extensión e Reforma Interior de Vigo, no apartado que se refire ás características que debiera reunir un xardín “galego” a diferenza dun xardín “inglés”, “italiano” ou “andaluz”: *“E un xardín será “galego” cando nel haxa máis labradas pedras de granito –recuberto de grandes manchas de vellos liques amarelos, verdosos, prateados – ca piñeiros, carballos e castiñeiros, mirtos e buxos. Granito, nos pavimentos de praças e avenidas, en grandes laxes, agromando as flores nas súas xuntas; granito, nos enormes bancos e rexas portas, nas balaustradas e nas escalinatas, nas fontes, nos pórticos e na estatuaría e todo iso grande e forte, por pequeno que sexa o xardín”*

EDIFICIOS COMPLEMENTARIOS DA CENTRAL ELÉCTRICA DO TAMBRE. UNHA ARQUITECTURA EN GRANITO Á PROCURA DUNHA IDENTIDADE GALEGA

Para calquera que se achegue á Central Eléctrica do Tambre o primeiro que sorprende é a monumentalidade dun edificio que cumpre a función de simple contenedor industrial. Semella estraño nos tempos que corren, que unha obra alcance tan alta calidade estética e posúa tamaño forza expresiva, cando só vai cumprir unha mera función productiva, neste caso enerxía eléctrica. Á beira do río Tambre, nun marco natural de notable fermosura, a edificación fora encargada pola anterior empresa Sociedad General Gallega de Electricidad (actualmente Unión Fenosa) con vistas a albergar as turbinas, sá de mandos, tomas de alta, taller de reparacións e

oficinas da Central Hidroeléctrica, así como outras construcións residenciais menores e unha fonte. Antonio Palacios, o arquitecto encargado da realización do proxecto, vai concebir unha obra en granito cun tratamento artístico que non deixa a ninguén indiferente. Nela reflíctese un arquitecto artista cunha enorme capacidade creativa que realiza unha obra práctica pero non por iso necesariamente exenta de espertar admiración estética nun diálogo acertado de solista nunha natureza a penas transformada; unha obra que pon de manifesto que a transcendencia pode alcanzarse incluso nunha realización tan prosaica como a destinada á simple produción de enerxía eléctrica, un claro exemplo de obra industrial concebida cun criterio e unha estética hoxe desaparecida.

Os valores tradicionais da arquitectura de Palacios en Galicia acadan a máxima expresión neste poderoso edificio do Tambre I. O seu selo persoal está presente na potencia compositiva e no emprego de materiais como a pedra natural, o cristal ou o ferro. A obra pode englobarse dentro da particular corrente rexionalista desde a que Palacios busca unha expresión persoal e que só aplica a unha parte da súa obra galega, aquela que se empraza fóra da cidade por considerar que non se adapta ben ó entorno urbano. O modelo de inspiración vén das construcións máis populares do rural galego cos seus muros de cachotería e as súas particulares solucións constructivas, así como igualmente bebe nas fontes da arquitectura galega do medievo que el considera característica e peculiar de Galicia, especialmente no caso do románico de transición por tratarse, segundo a súa opinión, do estilo que mellor representa o espírito da terra galega. Esta interpretación persoal e única da estética medieval, xunto coa potenciación no uso do granito como material que permite multiplicar as capacidades expresivas, van ser ingredientes básicos na obra de




DETALLE NA FACHADA LESTE. A DESTACAR O FALSO MIRADOR E A CHEMINEA EN PEDRA.

Palacios. Unha obra persoal modernizada “*con reminiscencias – de ideas, no de formas – del espíritu franciscano del siglo XIII*” como sinala o mesmo autor.

Se as súas primeiras obras aparecen máis cargadas nese espírito historicista, como pode ser o caso do edificio do Concello de Porriño, en obras posteriores como a que nos estamos a referir, a ornamentación é cada vez menos aparente dando paso a unha orientación de experimentación con materiais e formas recollidas da tradición. Agora o granito é o protagonista e será o xogo de combinacións con tan nobre material o que vai cargar de forza expresiva este edificio da Central Eléctrica do Tambre cuíus obras teñen lugar ó longo da década dos anos 20.

É curioso que Palacios manteña a súa linguaxe historicista que viñera aplicando a outras edificacións cando se trata de facer unha edificación de claro uso industrial. A mesma disposición do edificio semella unha catedral e as referencias na fachada principal son claras a un románico, que nunha interpretación persoal pretende significar unha tradicional igrexa do rural galego. Esta fachada



INTERIOR. SALA DE TURBINAS E CENTRO DE CONTROL.

orientada cara ó sur que acolle a entrada principal do edificio, presenta un corpo central sobresaínte de clara verticalidade a xeito de torre esbelta e alongada coroada por típicos adornos en pináculos con bolas. Esta portada central ordéase en dous corpos distintos superpostos. No inferior de aspecto macizo e todo el realizado en bloques rectangulares de granito, o protagonismo corresponde á porta de acceso en dobre arco: o interior nun plano lixeiramente retrasado apoiado en semicolumnas nas xambas que conforma a porta propiamente dita, e o exterior a xeito de pórtico en arco de medio punto dovelado que descansa nas pilastras laterais que se prolongan polo corpo superior a rematar coroadas por cadanseu adorno en pináculo con bola. O espacio comprendido entre estas dúas pilastras, retrasado ó plano do resto da fachada e igualmente en cachotes encintados, presenta unha fieira de cinco pequenas fiestras en arco de medio punto enmarcadas e separadas entre si por unhas pequenas columnas a modo de parteluz. Sobre elas, en posición central, o escudo coas referencias simbólicas a Galicia de copón, cáliz e cruces. O resto da fachada está realizada en cachotería de pezas irregulares de granito con encintado entre elas, enmarcando o conxunto con bloques rectangulares sobresaíntes no mesmo material. O granito aparece en caras bastas nas que se prescinde do traballo fino de canteiro ofrecendo un aspecto de placas sobresaíntes.

A edificación presenta tres corpos ben diferenciados. O principal, destinado a albergar as catro turbinas máis a

sala de mandos, destaca dos outros dous pola súa maior extensión. Na súa fronte presenta a fachada máis destacada do conxunto á que xa fixemos mención. Nas paredes laterais o edificio perde o seu aspecto macizo ó abrirese nos muros seis grandes vans en forma de fiestras alongadas na vertical e rematadas en arcos dovelados de medio punto que enchen de luz o interior da nao. A separación entre elas realízase por medio de pilastras lisas en bloques de granito almofadados coas caras sen puír, que pretenden funcionar a modo de contrafortes tan característicos dos edificios relixiosos. Remata o muro unha cadea de modillóns de pedra sobre a que se apoia o aleiro do tellado. Unido a este corpo principal e lixeiramente máis elevado, aparece o segundo corpo ou corpo central, coñecido como sala de altas, por ser aquí onde se situaban as tomas de alta tensión e maquinaria de control. A unión márcase exteriormente pola aparición no tellado do que pretende ser a parte sobresaínte da fachada en forma de parede co cume recto e os bordos laterais escalonados. A destacar igualmente a aparición nas catro esqui-



ANTONIO PLACIOS RAMILO A FINEIS DOS ANOS 20. PALACIOS FOI UN DESCUBRIDOR DAS POSIBILIDADES DO GRANITO, QUE A PRINCIPIOS DO SÉCULO XX SOMENTE SE EMPREGABA PARA O CERCADO DE FINCAS, POSTES DE VIÑAS E CONSTRUCCIÓNS MODESTAS.


nas superiores de igual número de singulares respiradoiros en forma de chemineas rectangulares en pedra con tellado a catro augas. No lateral que mira ó río, dúas portas de grande formato nos extremos enmarcan catro de menor tamaño entre elas, todas rematadas en lintel curvo de media cana. Sobre as mesmas ábreanse tres fiestras en arco rebaixado que son as de maior anchura do conxunto de ventanais do edificio. Entre as portas inferiores e as fiestras, catro bufardas horizontais, ou aberturas rectangulares enmarcadas por bloques de pedra a destacar no muro, que teñen a función de respiradoiros, ó igual que nas casas labregas se facía para facilitar aire exterior ás cortes dos animais. É este o único corpo que presenta unha formalización diferente nas dúas caras laterais. Trátase dunha curiosa e inxeniosa solución que só se realiza na parte superior do muro oposto ó que mira ó río. Unha orixinalísima composición en forma de tres grandes canzorros que sobresaen no muro, sobre os que se apoian igual número de columnas a soste-
 ter unha maciza estrutura en sillares rematada con adornos nos extremos

superiores a modo de torre que sobresaen da liña de cornixa da edificación. Estamos ante un falso mirador ou galería que sinalaba e permitía mediante unhas bocas circulares a entrada dos cables de alta que ían entre as columnas. Por presentar este corpo central unha altura moito maior que o que aparece a continuación pegado a el, a medianeira vista resólvese como unha fachada na que se abren tres pequenas fiestras e un escudo sobre elas da mesma formalización que na fachada principal só que agora no centro do escudo aparece a figura da cruz de Santiago.

Pecha a edificación un corpo unido ó anterior, de moita menor altura e superficie, destinado ás oficinas e taller de reparacións, que ofrece a súa fachada cara ó norte. Nela ábreanse tres fiestras na parte inferior e dúas pequenas en igual solución que na fachada principal na parte superior. En cadanseu dos laterais, unha amplísima porta en lintel curvo e dúas fiestras.

Todo o conxunto de peculiaridades ás que someramente acabamos de facer mención (pranta, portada, vans, contrafortes, etc) deron lugar a que esta poderosa e magnífica edificación en granito que é a Central eléctrica do Tambre, fora bautizada como a “Catedral industrial galega”, ou tamén, “Catedral da luz” e “Templo da enerxía eléctrica”, expresións todas elas referidas, sen dúbida, á singular concepción dunha obra destinada á produción de enerxía eléctrica que ía traer “luz e progreso en todas partes” en palabras de Rosalía de Castro, sen que iso constituíra obstáculo de ningún tipo para crear unha obra de arte que conmove, perfectamente integrada no medio no que se insire.

¡Que diferencia cos tempos actuais!. Semella que a tecnoloxía e o “progreso” trocaron hoxe incompatibles co pracer estético e co respecto e sensibilidade cara ó medio. Nestes tempos todo se vai en literatura e propaganda. Os feitos, teimudos, indican o contrario. ¿Como se pode comparar a obra de Palacios co realizado logo no Tambre II, ou máis recentemente, coa planta de transferencia de enerxía?. Todo un proceso de degradación estética e de desidia pola paisaxe. Pero o que é máis grave, un absoluto desprecio cara ese pasado de esplendor. A sensibilidade máis absoluta debería guiar calquera actuación a realizar no entorno deste conxunto de Central, edificacións e fonte. Cando na actualidade se pretende levar a cabo a explotación deste lugar con vistas a transformalo nun punto destinado a acoller un tipo de turismo chamado “rural”, caracterizado precisamente polo alto grao de sensibilidade cara á cultura e o medio ambiente de quen practica este tipo de alternativa de ocio, dáme a impresión que iso non é precisamente o que prioritariamente se vaia ter en conta. Unha mágoa.



Mariña Calvo Durán (9 anos)

Pinceladas Sanitarias

Artrose

Victor Vez Vilar

¿QUE É?

De entre as moitas definicións que podemos atopar de artrose, escollemos a que segue:

“Enfermidade dexenerativa articular, caracterizada pola destrución da cartilaxe hialina que recobre as superficies óseas”.

Dito dun xeito máis sinxelo: é un “desgaste” das superficies dos ósos que compoñen unha articulación o que produce que os mesmos rocen co movemento, o que orixina unha intensa dor.

É, polo tanto, unha enfermidade crónica que se presenta maiormente en persoas de idade avanzada.

As articulacións máis frecuentemente afectadas son as da columna vertebral, as cadeiras, xeonllos, mans, etc..

¿CAL É A CAUSA?

Como xa queda dito, o envellecemento (a dexeneración) da cartilaxe articular é a principal causa.

Ó parecer existe asemade un compoñente hereditario.

Actualmente estáse a levar a cabo, na Facultade de Medicina de Santiago un estudio xenético de persoas afectadas de artrose a fin de avanzar no coñecemento da orixe hereditaria desta enfermidade.

É indubidable que a investigación neste eido permitirá, nun próximo

futuro, non só previr a súa aparición, senón mesmo “desenñar” ós medicamentos máis axeitados para cada caso.


Non soamente a idade e a xenética son as responsables da aparición da artrose: a falta de exercicio físico, a obesidade e mesmo o exceso de uso (existe unha artrose temperá propia de certos deportistas) son factores que favorecen a aparición deste padecemento.

No caso da obesidade, a sobrecarga de peso remata por danar, sobre todo, cadeiras e xeonllos.

Tamén cómpre subliñar que a chamada “artrose secundaria” está asociada a outras patoloxías tales como gota, diabetes, displasias óseas, osteoporose etc..)

Calcúlase que en España esta enfermidade afecta aproximadamente a un 24 % da poboación.

As localizacións máis frecuentes son a articulación da cadeira (sobre todo nos homes) e as mans.



IMAXE COMPARATIVA DUNHA ARTICULACIÓN SÁ E ENFERMA (Fonte: Instituto Español de reumatoloxía).

Nunha articulación normal a unión dos ósos está “protexida” por un tecido elástico (A cartilaxe hialina) que fai que o contacto entre ámbalas partes óseas da articulación, cando se produce o movemento, sexa “suave”.

Inda máis, dentro das articulacións temos unha chamada “membrana sinovial” que produce un líquido viscoso que lubrifica a articulación.

Se estes mecanismos de protección sofren un deterioro, calquera movemento da articulación faise a expensas do roce directo óso contra óso; o que, como pode comprenderse, produce unha dor intensa.

¿ CÁLES SON OS SÍNTOMAS?

Loxicamente a dor é a principal manifestación da artrose, se ben esta dor ten algunhas variantes segundo a localización.

De tódolos xeitos a dor aumenta ó mover a articulación e alivia co repouso, se ben é certo que, segundo avanza a enfermidade esta dor chega a ser continua (mesmo en repouso).

En casos máis graves chega a producirse unha rixidez da articulación, o que xera unha incapacidade funcional da articulación.

Por outra banda, podemos observar deformidades (moi características na artrose dos dedos das mans: nódulos de heberden e/ou de bouchar, segundo aparezan no final ou no medio do dedo), limitacións nos movementos, chasquidos e crepitación da articulación.

Por medio dun estudio radiolóxico o Médico poderá observar un estreitamento do espazo articular e mesmo prominencias óseas (osteofitos).

De momento non coñecemos ningunha proba de análises de sangue que sirva para diagnosticar unha artrose.

TRATAMENTO

Calquera tratamento que estableza o Médico terá dous obxectivos: mellorar o movemento da articulación e aliviar a dor.

A tal efecto os Médicos adoitan utilizar os chamados **Antiinflamatorios Non Esteroideos (AINEs)** algúns deles de nome comercial sobradamente coñecido pero que, non nos cansaremos de insistir neste tema, **NON DEBE CONSUMIRSE SEN PRESCRIPCIÓN FACULTATIVA**.



Non nos deixemos aconsellar por ninguén que non sexa Médico, xa que estes medicamentos, loxicamente, non están exentos de efectos secundarios.

En ocasións os especialistas acoden ás **infiltracións**, que consisten en inxectar no medio da articulación un medicamento que indubidablemente consegue un alivio ás veces por certo tempo, pero que, por ser unha técnica agresiva, non resulta eficiente cando o padecemento é crónico.

Existen asemade tratamentos cirúrxicos para os casos máis graves: próteses de cadeira e xeonllo, que adoitan resultar de gran efectividade.


A **artrodesis** é unha técnica cirúrxica que consiste na fixación da articulación. Xa se comprende que esa articulación perderá a súa función, polo que é preciso, antes de afrontala, facer unha meditada reflexión e valorar vantaxes e inconvenientes.

UNS CONSELLOS:

Se vostede padece artrose, aí van uns bos consellos extraídos da páxina Web vitalsalud.com:

- ✓ Exercicio moderado. Camiñar. Montar en bicicleta. Pero, eso si, non facer aqueles exercicios que nos produzan dor.
- ✓ Evitar o exceso de peso (sobre todo para a artrose de xeonllo).
- ✓ Se fose preciso, utilizar un apoio: bastón para axudarse a camiñar.

- ✓ Usar calor ou frío local (panos ou calquera aparello ó caso), o que sexa que alivie a dor, pero non máis de 20 ou 30 minutos ó día.
 - ✓ Polas mañás, cando existe máis rixidez, é boa unha ducha de auga quente e unha masaxe.
 - ✓ É preferible usar zapatos sen tacón. Tamén é mellor que non teñan cordóns, xa que así evitaremos ter que agacharnos para atalos.
 - ✓ Na artrose os niveis de calcio non adoitan estar alterados (a non ser que asemade padezamos unha osteoporose) polo que non é preciso consumir suplementos de calcio.
 - ✓ Leite e derivados na dieta seguen sendo convenientes.
 - ✓ Durma en cama dura e séntese en cadeiras de respaldo ríxido.
 - ✓ Non manter moito tempo a mesma postura. Non estar moito tempo de pé.
 - ✓ Non force as articulacións. Non faga movementos bruscos.
 - ✓ Non camiñe cargado con pesos. Use o carro da compra (por exemplo).
 - ✓ Acudir a un balneario. Infórmese dos programas que patrocinan as Consellerías.
 - ✓ Non tome medicación pola súa conta.
- ¡Ah! E outra cousa, "RESINA"..... moita "resigna". Xa me entendedes ¿Non?.



Celtia Ponte Lope (8 anos)

Cancións de Noia

Prudencio Romo

HOY ES NOCHE DE ALEGRÍA



Esta é outra das cancións típicas de Noia. Despois de recoller e analizar, moitas das cancións antigas que se cantaban na vila. Cabe supoñer (cando non hai maneira de encontrar autor) que nos atopamos ante unha das composicións daquel ou daqueles autores inéditos que houbo na vila. Homes ou mulleres que nunca asinaron unha partitura ou nin sequera dixeron “Esta canción fixena eu”; ben sexa por modestia, ou ben porque a xente non llo crera, pois había a crenza que non se podía ser compositor sen ser un músico ben preparado. Este erro pouco a pouco foi desaparecendo sobre, todo coa figura do cantautor, o que non quer dicir que haxa cantautores que son grandes músicos.

Outra das conclusións que se sacan deste traballo de recopilar cancións de Noia, é que foi unha vila de rondadores nocturnos; así o expresan a maioría das cantigas, que nos relatan as penas, ledicias e belezas da noite.

Hoxe a costume de rondar pola noite, cantándolle ás rapazas, e dando serenata debaixo dunha fiestra, queda xa no olvido. O horario dos Bares, Clubs e Discotecas, non permite esperar a unha moza, ás dúas ou tres da mañá, que era a hora preferida dos rondadores. Xa que vamos perdendo as costumes, ó menos que a Revista ALAMEDA garde as cantigas.



Tempo de Marcha

Hoy es
noche de alegría. Aquí venimos
a cantar las delicias del amor si del amor

1^a 2^a

mor. Hoy es mor. Can ta re mos la hermo su

ra de la no che con este can to can ta

re mas la hermo su ra con el can to

del rui se ñor. Sal ta de ra ma es con

di do en la no che con este can

to Sal ta de ra ma es con di do can

tan do a mor, a mor si del a mor Cantaremas

to dos con dul ce pri mor sus ale gres can tos to

do es a mor Cantaremas to dos con dul ce pe

sar sus ale gres can tos to do es a mar

Cantaremas to dos con gra cia y pri mor co mo si

fue ra si fue ra el a mor fue ra el a mor

1^a 2^a

Foros e campesiños

Manuel Ces Carle

Rematei o último artigo nesta revista, dedicado a Foros e Campesiños, coa redacción do primeiro foro, correspondente a unha parte do terreo que integraba o igrexario da parroquia de Santa María de Roo. Antes de continuar comentando este foro e outros, créome na obriga de facer unha breve introducción sobre os terreos dos igrexarios.

A igrexa como entidade relixiosa carecía de recursos económicos para construción dos templos, que ía requirindo. Habilidosamente ás autoridades eclesiásticas fanlle ver os Feudales e Magnates a necesidade que estos tiñan de construír Abadías e Igrexas, como salvación da súa alma para a posteridade. Un dos argumentos relixiosos máis convincente, foi o “descubrimiento” polos eclesiásticos do Purgatorio, o purgatorio como xuízo final, é descuberto no século V foi e é, a gran fonte de ingresos que tiveron as distintas ordes relixiosas, xa que este xuízo final non ten un tempo definido, polo que é bo facer donativos indefinidamente polos difuntos. Con tal motivo a alta nobreza era a máis preocupada pola salvación da alma, para esa vida no máis alá, con este fin construían templos, para que os relixiosos pregasen pola súa salvación. Os relixiosos coñecían ben as artimañas para que estes tivesen remordimentos de conciencia polos moitos atropelos que cometían. A construción de templos non só supoñía para a nobreza a salvación da alma, era ó mesmo tempo unha forma máis de poder e sometemento dos servos, xa que eles podían asinar ó clérigo que eles crían máis importante para a defensa dos seus intereses, a igrexa o mesmo tempo que era o lugar de celebración dos rituais cristiáns era unha forma de obter uns beneficos económicos, estos beneficios na maioría dos casos eran repartidos entre o cura e o patrón do templo.

Na época sueva, no Concilio de Braga os eclesiásticos fixeran un intento para que os seculares non construísen templos para adicalos en beneficio propio, pero este

Concilio non tivo o éxito que os eclesiásticos esperaban. O mínimo requisito que se requería para celebrar misa nun templo, era ser bendecido, a estes templos estáballe prohibido bautizar e enterrar, xa que para celebrar os actos debía ser consagrado. A maioría deles co paso do tempo convertéronse en parroquias, a costas das autoridades eclesiásticas.

Dende o reinado visigodo –século V– era condición indispensable para a consagración dun templo, que tivese unha dote de terreo suficiente para a manutención do clérigo, aínda que o templo fose privado. A maioría destes templos tardaron séculos en ser consagrados. Sobre a cantidade de terreo que debía ter de dote unha igrexa para ser consagrada como parroquia, hai distintas versións. Prudencio de Sandoval –Chronica de Inclito Emperador de España, don Alonso VII, Madrid, 1600–, expón o seguinte “*Tambien tenían un derecho estas capillas que asi fundaban, que llamaban Dextros que eran ochenta o setenta y dos pasos alrededor, que tenían su cierta medida, y todas las heredades que dentro de este término se incluyan, eran diezmo a Dios, sin deverle a clérigo, ni Obispo, del Señor fundador*”. García Gallo escribe o seguinte “*Estas iglesias rurales... poseen, además del edificio destinado al culto, como toda otra iglesia, cierto espacio en torno al mismo, designado con los nombres de ‘terminun’, ‘circuitum’ o ‘dextro’... había sido fijado*

por el Concilio XII de Toledo, con ocasión también de regular aquel derecho, en un radio de treinta pasos alrededor del templo. Luego este espacio se amplió. Hacia el año 800, el dextro se fija en setenta y dos pasos entorno a la iglesia y en los siglos IX al XI amplían aún más hasta los ochenta y cuatro pasos... el mas próximo a la iglesia, de doce pasos destinados acementerio., los setenta y dos pasos restantes se destinan a viviendas y a los cultivos necesarios para el mantenimiento del clero”. Por último López Ferreiro, falando do ano 829, di: “Según la Disciplina entonces vigente, cuando se fundaba alguna iglesia destinada al culto público, debía ser dotada por lo menos con los diestros, que venían a ser un coto –extensión de terreo– de 84 pasos de radio, los doce más inmediatos para cementerio, y los restantes para viñedo, huerto o prado, según la calidad del terreno”. Como podemos ver duns autores a outros hai variacións na superficie do terreo destinado á igrexa.

Nun principio, o ser clérigo non era unha tarefa doada, os ministros da Igrexa, ademais de predicar, ensinar, atender-los fieis e administrar-los sacramentos –nun principio todo isto era de balde–, tiñan que coidar do seu propio sustento, mediante o traballo persoal. A partir do ano 502 é cando o Papa Simmaco autoriza a entrega temporal das terras a cambio de rendas. Isto dá lugar a que os clérigos tivesen caseiros para cultivar unha extensión de terra para o alimento diario, a restante era aforada.

Os primeiros colonos que cultivaron estas terras do igrexario de Roo, como caseiros e rendeiros e posteriormente como foreiros, foron os antepasados de Gonzalo da Igrexa, os descendentes desta familia, ó longo do tempo foron construíndo vivendas ata formar unha pequena aldea –lugar da Igrexa–. A casa matriz conservou o nome de Igrexa por moitos séculos, así como o apelido do mesmo nome da igrexa, que figurou

nesta familia por xeneracións, indistintamente do sexo dos descendentes. No ano 1676 residían neste lugar as seguintes familias, *Alberto de la Iglesia y su Mujer*, *Michael de la Iglesia y su Mujer*, *Felipe de la Iglesia y su Mujer*, *Alfonso de la Iglesia y su Mujer*, *Andres de la Iglesia y su Mujer* –estos dous matrimonios figuran como caseiros do cura– *Ignacio de Forxan*, *Ignacio Martinez y Mujer* *Francisco de Villaverde y Mujer*. Como podemos ver a maioría das familias eran Igrexa, as demais estaban emparelladas ou estiveran cos da igrexa.


No Instrumento de Foro-contrato de arrendamento, publicado no anterior artigo, hai un apartado no cal o clérigo desta parroquia, Francisco Felpeto, expón o seguinte: *Gonzalo da Yglesia vecino dela dicha fra que esta presente dede mucho tiempo yanos aesta parte ha bibido e bibe enel a lugar e Casal del Yglesario dela dicha Yglesia de Santa María de Roo enel qual ha hecho muchos repastos perfetos emejoramentos de mucho Valor yestimacióm elo tiene Reparado e Granjeado como conviene, e paga mui bien ala dicha Yglesarioe clerigo della en cada un año la renda del dicho Lugar...*

Este apartado demostranos claramente que a boa conduta e o bo facer, foi fundamental para que o clérigo Francisco apoiase a contratación deste foro, en beneficio deste matrimonio. A pensión a pagar por estes era de tres **cargas de centeo**, esta medida de peso foi pouco usual en Galicia, así como en Cataluña era habitual, onde unha carga ten unha equivalencia de 124,80 kg, no resto do país, dependendo do lugar, pode estar entre 125,69 e 167,96 kg –dous **cabritos** e catro **galiñas** era máis frecuente na nosa terra–. Estas rendas eran a metade para o cura e a outra metade para o dono do simple sincuria desta fregrexía, do cal non figuran os seus datos. A duración deste arrendamento foi a **tres voces**, di o contrato: *Gonzalo da Yglesia... presenteparabos e para Teresa Dabijon buestra mujer ausente. Epormas y alliendo habiendo despues de fallecimiento del postrero debos, DOS BOZES SBCEsIBAS una enpos de otra que abeis de nombrar en esta manera que en buestra vida esalud oalt tiempo del fallecimiento del postrero debos nombreis la primera bos ela primera nombre la segunda eno siendo ansi nombrados que subceda pr bos deite dicho fuero la persona que decraro heredar buestros vienes con las tales boces sean obligadasapresentarse delante mi emis subcesores Clerigos que dela dicha Yglesia fueren dentro de sesenta dias despues que eneste dicho fuero subcedieren conla nominación edenlo que tubieren...*

Ata o século XV máis ou menos, os foros eran normalmente a perpetuidade, a partir deste século téndese a

fixar como tempo de aforamento a vida de tres reis de máis de 29 anos, en Galicia a costume máis frecuente –como é este caso– é que foran a tres voces. Algúns destes foros, prolongáronse por tantas voces sin renovación de contrato, que se poden considerar como perpetuos. Unha voz é a vida dun matrimonio, teoricamente a morte de tres matrimonios levaba consigo a posible renovación do foro. Os datos máis inmediatos a este foro que eu coñezo son os que nos aporta o cardeal Xerónimo del Hoyo sobre esta parroquia *“Esta feligresía tiene quarenta feligreses. La fábrica tiene de renda cinco ferrados de trigo y cuatro de centeno y treinta y seis maravidis. Los frutos se hacen dos partes; la una y un dezmero con la mitad del iglesario lleva la cura, que valdrá quarenta cargas de todo pan; la otra por sincura Diego Gutierrez, diocis burgençis. Espresentación cura y sincuria del monasterio de San Martín”*. Estes cuarenta fegueses moraban nas seguintes aldeas desta parroquia, Agrelo, Igrexa, Liñaio, Mato –antigamente Liñaio do Barral, Muíño, Mirou, Ponte, Paradela, Pastoriza, San Pio, Roo e Vaiuca, por aquela data ó Coto de Corenza, no cal estaban e están os lugares de Nimo, Vilardante e Vila-faveiro, non estaba integrado nesta freguesía. Nestos escritos di igualmente que as rendas son a dúas partes, unha para o cura e outra para o dono do simple sincura, que é Diego Gutierrez, destas testemuñas o contrato de foro –1554– pasaron 53 anos. É moi posible que neste tempo transcurridos as tres voces –duración do foro–, por tal motivo este foro xa debería ser renovado. Os datos que nos da Xerónimo son que o cura ten de renda **corenda cargas** de todo pan –centeio ou trigo– que suman un total de **oitenta cargas**, cando no foro figuran

tres, mais os carneiros e as galiñas, é moi posible que nestos datos estea incluído o imposto por Primicia. No ano 1752 fíxose no Reino de Galicia un recopilatorio de tódolos bens existentes neste reino, tanto naturais como artificiais, é un inventario tan completo, que como veremos só quedaron excluídas as galiñas. ¿Que foi o que levou a facer en aqueles anos un inventario tan exhaustivo, de toda facenda existente?. Para o meu entender, o principal motivo era a falta de recursos da facenda pública, por outro –lado a dificultade dos propietarios de recuperar as terras que foran aforadas en tempos atrás. Ó “desmadre” que se viña producindo coa terra, que desde anos atrás foi pasando dun Latifundio a un Minifundio, tal como podemos apreciar no **mapa**. As terras en Galicia fóronse fraccionando coas herdanzas, que se repetían de pais a fillos, esto aconteceu dende séculos, ata os nosos tempos, o que dificulta que sexan competitivas co mercado actual, cando noutros tempos foron o “sustento” de moitas bocas. Este minifundio, que nun principio non lle preocupou ós aforadores, íalle traer máis dun rompedeiro de cabeza. A partir do século XVI máis ou menos, foron anos de unha certa calma en Galicia. As rendas permitíanlle ós laicos levar unha vida folgada e de luxos; por outra banda, as ordes relixiosas ampliaban os mosteiros e templos. As freguesías que nun principio a súa misión era a ensinanza da fe cristiá, en deprimemento da cultura pagana, que se viña practicando na nosa terra, unha cultura cunhas raíces tan profundas que sobreviven nos nosos tempos. Os curas que nas freguesías predicaban as escrituras sagradas, ían exercer ó mesmo tempo como recaudadores das rendas eclesiásticas, dos impostos e dos votos-ofrendas relixiosas. Unha boa testemuña desas recaudacións, son os hórreos das parroquias de santa Columba e Santa María de Lira –Carnota–, onde se gardaban os cereais das



----- CONXUNTO DE TERREO QUE FORMABA O IGREXARIO
 ■ IGREXA E CEMITERIO ■ CASAS
 ▨ IGREXARIO E CASA RECTORAL

rendas, para posteriormente vendelos ós campesiños e mariñeiros máis necesitados. Pero chegou un momento que as rendas xa non permitían esa vida folgada e de luxos, ás cales estaban acostumados os propietarios das terras, que vían que as recaudacións cada vez tiñan menos valor, cando eles por outro lado necesitaban máis ingresos para manter en pé todo o seu artellamento, que non era pouco. Reflexo disto son os mosteiros que na actualidade a maioría presentan un estado penoso, como o de Oseira, coñecido como o Escorial galego, e outros como o de Samos, onde viveu o ilustre padre Feixoo, Santa María do Sobrado, terras da nai do río Tambre e así moitos máis, sen esquecernos de San Martiño Pinario –Santiago–, relacionado directamente con este artigo, xa que neste mosteiro foi onde se redactou o foro desta parroquia. Á recaudación real pasáballe outro tanto, como imos ver.

A primeira lei que trata directamente os foros é a Real cédula do 27 de abril de 1744, da cal vou transcribir algúns parágrafos, que considero máis interesantes nesta problemática do noso mundo rural: *“He sido informado, que los Abades y Piores de diferentes Igrexias y Monasterios, sitos en el reyno de Galicia y Principado de Asturias, pertenecientes á mi Real Patronato, han dado y dan los bienes de sus respectivas dotaciones en foros perpetuos y temporales con notable detrimento de sus sucesores en los mismos Prioratos y Abadías, por hacerse y otorgarse dichos foros en cantidades tan reducidas y cortas, que en muchos de ellos no pagan la centésima parte de lo que debían contribuir; y que asimismo concurre en todos el vicio insanable de nulidad, por estar otorgados sin mi Real permiso y licencia, como tambien una lesion enormísima, convencida notoriamente de subforarse los propios bienes por sus principales foreros en cantidades muy excesivas á las que lle-*

van y perciben los Piores y Abades que otorgaron dichos foros.

Para ocurrir á tanto daño, y evitar los perjuicios que hasta aquí se han experimentado con el abuso de dichos foros; he resuelto, con acuerdo de los de mi Consejo de la Cámara, mandar á todos los referidos Piores y Abades, y otras casas y piezas eclesiásticas de mi Real Patronato en comprehension de mi reyno de Galicia y Principado de Asturias, como á los Jueces protectores y conservadores de las mismas alhajas, las tuvieren, que en lo sucesivo no aforen, ni permitan aforar bienes algunos de sus respectivas dotaciones y pertenencias por más tiempo que el de nueve años, con la precisa calidad de no poder subforarlos y acudir á renovar las escrituras acabado este tiempo, si fuere voluntad de los mismos Abades y Piores su continuacion; precediendo en uno y otro caso el permiso y aprobacion de sus Jueces protectores y conservadores y quando no los tuviesen, del dicho mi Consejo de la Cámara.

Asimismo he resuelto mandar, qe si se tuviese por conveniente aforar algunos bienes por una, dos y tres vidas, y no más, den cuenta precisamente á la Cámara los enunciados Piores y Abades, y demás personas á quienes tocasse la administracion, espresando el sugeto á quien se ha de dar el foro, qué heredades son las que ha de comprender, y los motivos que para hacerle ocurrir, condiciones y demas cosas que para tales asuntos corresponde, para que en su vista sedespache y expida la Real cédula de aprobacion, sin la que, por el propio hecho y sin otra declaracion, serán nulos y de ningun valor ni efecto los contratos ;incurriendo los foreros en doscientos ducados de multa, y los Piores y Abades y demás personas en mi Real indignacion, á quienes conforme á la entidad y demás circunstancias de su exceso mandaré corregir como sea mas de mi Real agrado, hasta pasar á incorporar los bienes que hubiesen aforados en mi Real Corona, según la gravedad de los negocios que ocurran en el caso de que se trate.

Y para que ninguno pueda alegar ignorancia de quanto llevo mandado, he resuelto tambien que se fixen edictos en las cabezas de partido de dicho reyno de Galicia y Principado de Asturias, y demás lugares á donde los Jueces protectores ó conservadores de las referidas alhajas patronadas les parezca conveniente, ó á sus tenedores y poseedores, si no tuviesen tales Jueces; entendiéndose asimismo, para que todas aquellas personas que tengan bienes en foro temporal ó perpetuo de las Iglesias, Casas, Abadías y Prioratos de mi Real Patronato, acudan en el preciso término de dos meses al de la

fijacion de los edictos á manifestar los títulos que tuvieren ante los mencionados Jueces protectores ó conservadores, ó en el caso de no tenerlos, ante los dichos Priors ó Abades; con apercibimiento de que, de no hacerlo, quedarán, como declaro queden, por el mismo hecho canceladas y nulas sus respectivas escrituras, y se pasará desde luego á disponer de los bienes contenidos en ellas.

Y para reparar desde luego en parte el conocido perjuicio que experimentan las piezas patronadas en los referidos foros, he resuelto asimismo, que se ordene á las enunciadas Iglesias, Casas, Abades y Priors respectivamente, que en todos aquellos que hubiese sentencia declaratoria de mi Consejo de la Cámara de su nulidad, como estoy informado que sucede en muchos, soliciten luego inmediatamente su execucion, echando y removiendo de las posesiones á los foreros, y pasando á administrar por sí los Priors y Abades dichos bienes, ó aforarlos de nuevo con arreglo al método que queda declarado: y que por lo respectivo á los demás foros, que no se han disputado y declarado en juicio por nulos, y en que no sólo hay el defecto de facultad Real, sino tambien la lesion enormísima que notoriamente se manifieste y aparezca, acudan desde luego las mencionadas Casas, Iglesias, Abades y Priors ante sus Jueces protectores y conservadores, ó al dicho mi Consejo de la Cámara, á pedir por uno y otro medio, que se rescindan los contratos, en inteligencia de que, precediendo la citacion de los interesados, ó en su rebeldía, se procederá breve y sumariamente, como corresponde por Derecho, á la reintegracion de los bienes que comprehendan los dichos contratos; y que en cuanto á los demás foros, en que sólo se ha advertido el defecto de facultad Real, y no es tan considerable el perjuicio, he resuelto se les ordene á los Priors y Abades, Casas é Iglesias patronadas, que soliciten su reparo por los medios que hallaren por Derecho, en caso de no acudir los foreros en el mismo término de dos meses á solicitar mi Real aprobacion, y subsanar por este medio el defecto de solemnidad, que invalida sus respectivos contratos”.

Esta lei demostra que os gobernantes dende os tempos dos reis Católicos viviron de costas ó pobo de Asturias e Galicia, esta era unha lei de desaloxamento, a cal trataba de expulsar ós labregos dunhas terras que disfrutaban en usufructo, as cales foran herdadas dos seus pais, duns pais que xa foran herdeiros dos seus pais, o que se viña repetindo dende séculos. Esta lei non só afectaba ós labregos. Os señoritos –subforeiros– vían en perigo a súa posición económica, e polo tanto o seu *status social*, xa que eles estaban en posesión de grandes extensións de

terras que lle aforaron os seus antepasados pola Igrexa, Mosteiros...

Esta era unha lei que chegaba tarde, mal e arrastro, pero aínda así os feudais e algunhas ordes relixiosas vían unha posibilidade de recuperar unhas terras que lle foran doadas, a uns pola salvación da VIDA –servicio de armas– a outros por salvación da ALMA. Para estes esta lei ata certo punto era unha panacea, xa que lle permitía actualizar as rendas, ó ser recuperadas de novo, un dos grandes inconvenientes era que teoricamente esta lei non lles permitía ós señoritos que vivisen dos subforos, pero por outro lado a lei non dicía que as terras foran aforadas ós labregos que as viñan traballando, entón o problema para os labregos era maior, xa que non tiñan o poder económico para arrendar grandes superficies de terreo, polo tanto pasarían a ser servos dos señoritos, xa que si tiñan poder económico para ser foreiros desas grandes extensións.

O primeiro en levar a cabo esta lei de expulsar ós labregos das súas terras foi o Mosteiro de Santa María do Sobrado, o cal puxera na rúa a 800 persoas –só eran unha minoría das xentes que traballaban as terras deste mosteiro– desposadas das terras que eran o sustento de cada día. Este mosteiro, da orde cisterciense – filial da grande abadía de Clavaval –, era un dos máis ricos de Galicia, para darnos unha idea do seu poder económico, este destinaba a limosna 5000 ferrados de centeo e trigo, destinado para alimento dos peregrinos que se hospedaban no mosteiro que viñan a orar á tumba do Apóstolo Santiago. Tamén se beneficiaban da limosna os pobres máis necesitados.

Os actos de expulsar ós labregos das súas terras, foi para este mosteiro –e para outros– como unha lousa sepulcral coa lei de desamortización de 1837, foi saqueado e parte del dinamitado no ano 1869, o seu destino era convertilo en morrillo para estradas. Acudiu no seu auxilio o cardeal Miguel Payá y Rico,

evitando a súa demolición. Isto xa nos dá unha idea do pensamento que tiñan os labregos dos aforadores e subforeiros.

Cando se redactou a real cédula de 1744, reinaba Fernando VI, que teoricamente debería ser coñecedor da vida no mundo rural, xa que fora príncipe de Asturias ata o ano 1746 que comezou a reinar. As arcas públicas necesitaban recaudar fondos a toda costa. O rei bota man do marqués da Ensenada –Zenón de Somodevilla– para reorganizar a facenda, é de supoñer que del saíra esta **repudiada** lei, unha lei que foi repudiada por algunhas Abadías e outros relixiosos así como por parte da nobreza. No ano 1759, reúnense no Reino de Galicia, o servicio chamado de millóns acordando os deputados pedir a anulación desta lei, de desaloxo.

As principais figuras que representaron esta petición de anulación foron, o deputado xeral do Reino de Galicia, marqués Bosque Florido e os relixiosos da orde de San Benito e San Bernardo, así como o marqués de Astorga e o conde de Altamira. O 11 de maio de 1763 a Real Audiencia da Coruña, recibe a seguinte comunicación “*Os mandamos suspender y que se suspendan cualesquiera pleitos, demandas y acciones que estén pendientes en ese tribunal y otros cualquiera de ese nuestro reino sobre foro, sin permitir tengan efecto despojos que se intenten por los dueños de dierecto dominio, pagando los demandados y foreros el canon y pension que actualmente y hasta ahora han satisfecho á los dueños, ínterin que por N. R. P., á consulta de los del nuestro Consejo, se resuelva lo que sea de su agrado*”. Posteriormente no ano de 1788 esta disposición fíxose extensiva a Asturias e ó Bierzo. Pero a problemática continuaba, a Real cédula do 14 de Novembro de 1789 di que se podían admitir a demanda a anulidade dos foros por vicios de constitución, pero

prohibindo executar as sentencias, sen que antes fosen revisadas polo consello do rei.

Se a facenda pública tiña problemas económicos, a facenda dos non era mellor, aínda que para os labregos que tiñan foros contratados directamente coa propiedade non eran os peores anos, xa que a maioría deles tiñan o mesmo custo desde séculos, pero aínda así a vida dos labregos era unha vida de **miseria**, unha boa imaxe de **miseria** dánola o coengo compostelán –Sánchez Vamonde–: “*Habiendo nacido y vivido hasta ahora en Galicia, me ha afligido siempre sobremanera la infeliz constitución en que se hallan los labradores de aquel reino. En efecto, una tan gran multitud de hombres virtuosos por lo común, tan útiles y necesarios al Estado, que habiéndose empleado toda su vida en las mayores fatigas del trabajo, viven no obstante en la indigencia, alimentados escasamente, envueltos en un tosco sayal, y a veces casi desnudos, oprimidos por las vejaciones de sus señores, tiranizados de las injusticias, arrastrados a las cárceles por los acreedores, abatidos, en fin, y despreciados por las otras clases; estos hombres, digo, son el espectáculo más triste a los ojos de cualquiera que no haya renunciado enteramente a los sentimientos de humanidad*”.

Esta era a imaxe que presentaba Galicia no ano de 1782, nun próximo artigo veremos as rendas que pagaban os fregueses desta parroquia de Santa María de Roo, que non distaban moito das demais freguesías de Asturias e Galicia.


BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo de Santa María de Roo.
XOSÉ FARIÑA JAMARDO, *A parroquia rural en Galicia*.
LEGISLACIÓN FORAL DE ESPAÑA, *Derecho civil en Galicia* 1888.
MARÍA XOSÉ RODRÍGUEZ, *Señores y campesinos en Galicia*. Siglos XIV-XVI.
PEDRO ANTONIO SÁNCHEZ, *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez*.
M. RUBÉN GARCÍA ÁLVAREZ, *Galicia y los gallegos en la Alta Edad Media*, demografía, 1 y 2.
ROSA FERNÁNDEZ-MONTENEGRO IGLESIAS, *Historia e Costume do Dereito Civil Galego*. A conservación da casa e a unidade da familia.
XOSÉ BARREIRO SOMOZA, *Ideología y conflictos de clases*. Siglos XI-XIII.
XOSÉ M^a. CASTROVIEJO, *Galicia, guía espiritual de una tierra*.
FERNANDO LOJO PIÑEIRO, *A violencia na Galicia do século XV*.

Visión retrospectiva do fútbol noiés

Gomari

JUAN RAMÓN ABEIJÓN CASTRO (CASULERO), UN PORTEIRO ÁS PORTAS DA INTERNACIONALIDADE

afeccionado Servando venme dicir que sempre se fala de vellas glorias noiésas, sempre se escribe sobre os mesmos. «Eu espero que a túa pluma se lembre de xente noiésa que triunfou lonxe da súa terra». «Mira Servando que o forno non está para bolos. Gomari –sígueme a dicir Servando– non me extraña que esteas “cabreado”, xa que ós numerosos erros cometidos no teu último traballo, a Directiva Liceista non sacara un escrito recoñecendo os erros, xa que foron moitos e ó final eu xa non sei se cartucho era “cartucho”».

«Bueno Servando, déixame tranquilo e que me concentre nun traballo que hai tempo tiña ganas de facer e sempre parece que hai outras prioridades».

O noiés JUAN RAMÓN ABEIJÓN CASTRO naceu no Campo das Rodas (rúa da Fonte) no término municipal de Noia, ó comezo dos anos vinte. Os primeiros estudos foron na Escola do Campo das Rodas, compañeiro de Elías Villar Mayán –este máis novo– e coma tódolos rapaces noiéses iniciouse no fútbol nos campos dos arredores –O Paramo, A Armada, Triquinay, A Florida e tantos outros– e destacaba pola súa magnífica planta, o seu bo facer baixo os paus e unha elegancia pouco común nos porteiros daquel entón. Un estilo –sigue dicindo Elías Villar– que copiou anos máis tarde outro porteiro noiés: Juanatey.

Ó enviuar seu pai e desprazarse a Biscaia, o seu vástago “emigrou” a terras vascas e alí forxou a súa ampla traxectoria deportiva en Lasesarre, Sestao e Garellano. Moita xente noiésa que por aquel entón estudiaba en diversos colexios vigueses, lémbrese das súas magníficas actuacións no vello cambo de Balaídos.

Di Manuel Hermida que aquel equipo de Baracaldo estaba formado entre outros por Gainza I. Bergareche,



FOTO 1. ABEIJÓN ESTREA O NOVO UNIFORME
DE A UNIÓN DEPORTIVA MELILLA

Olarieta, Ariznavarreta, Marcaida, Celaya e tanto outros que máis tarde triunfaron en San Mamed.

Nas fotos número dous e tres vemos a dous equipos da U.D. Melilla, a número dous é do 13 de setembro de 1947, enfrontándose ó C.D. Málaga –partido de verdadeira rivalidade– en disputa do trofeo do Concello de Melilla e ó que derrota con ampla goleada, e na foto número tres vemos á U.D. Melilla co novo uniforme.

Na foto número catro vemos ó equipo do Baracaldo en Lasesarre.

Na foto número cinco vemos ó Indachu C.F. en Garellano; na fila superior



FOTO 2



FOTO 3

vemos a Telmo Zarraonandía Montoya e ó porteiro Abeijón.

Rematando a década dos anos corenta xa figura no R.C.D. Español, un equipo no que destacaban sempre os bos porteiros. Ó comezo dos anos corenta contaba con Alberto Martorell e Trias. O primeiro era internacional

indiscutible e retirouse do fútbol ó remata-la carreira de Medicina, sendo máis tarde Presidente do Club de Tenis de Barcelona.

Suceduno Trias –procedente do Murcia C.F.– que lle deu un gran resultado ó equipo dos “periquitos”. Ó final dos anos cuarenta e principios dos cincuenta, destacaba o noiés Abeijón, para sucedelo anos máis tarde o francés Marcel Domingo.

Na primeira xornada da tempada 1948-49 (12-09-1948) o equipo españolista formou da seguinte maneira: Trias, Casas, Carnicero, Veloy, Parra, Llimos, Arcas, Piquín, Valle, Hernández e Panadés.

Na metade da primeira volta o equipo sofre unha gran reestructuración: O noiés ABEIJÓN sitúase baixo os paus, e non abandonará ata a tempada 1951-52. Parra ocupará o centro da defensa e a súa esquerda Catá. Fábregas colocaráse en liña de volantes e a dianteira apenas sufrirá variación.

O porteiro ABEIJÓN fai unha tempada moi completa e o seleccionador –Guillermo Eizaguirre– fíxase nel e



FOTO 4. EQUIPO DO BARACALDO EN LASESARRE



FOTO 5



FOTO 6

chámao en varias ocasións para os partidos preparatorios do combinado nacional. O R.C.D. Español viña facendo uns partidos moi aceptables e nada tiña de estraño que ó remata-la tempada acabase no sétimo posto dunha liga de catorce equipos.

Na foto número seis vemos ó equipo españolista no Campo de Sarrias o 18 de maio de 1949 con motivo do partido R.C.D. Español-Atletic Club de Bilbao, un partido que non deixou satisfeitos ós afeccionados do equipo dos “periquitos”.

Unha lesión torácica apártao do fútbol ó iniciarse a década dos anos cincuenta; e cando todos críamos que acabara para el o deporte do balón, rexurde como Ave Fénix e volve deleitar ós afeccionados, que en gran número acudían a Lesasarre ou a Garellano.


Estamos en xuño de 1955 e o Indauchu C.F. visita Burgos para enfrontarse no vetusto campo de Zatorre ó equipo burgalés que militaba en Segunda División e que tiña un equipo moi “apañadiño” no que destacaban o lateral Villalabeitia, o central Zamora, os volantes Aja e Roberto e no ataque o magnífico interior Arnedillo, un bo futbolista e introvertido como persoa.

O Indauchu C.F., que presidía o Sr. Olaso, tiña un equipo formidable para o torneo da División de Plata. O bo porteiro en Abeijón, un bo central Elorduy, no centro do ataque a Zarra, un bo interior en Matito e como adestrador a Rafa Iriondo, ex-xogador do A.C. de Bilbao. Representaba a flor e nata do fútbol vascuence.

E amigo Servando, creo que te complacezo a ti e ós numerosos afeccionados de onte ós que agora ó lembrar vellos tempos e ó ver que os anos se nos veñen enriba, non podemos esquecer, ós que na súa xuventude triunfaron lonxe da súa querida Galicia.

O Vía Crucis de San Martiño

Xoán X. Mariño




Vía Crucis é un conxunto de relevos tallados cara a 1918 polo escultor noiés **Enrique Picón**, formado xunto co artista Maximino Magariños de quen foi discípulo en Compostela.

Enrique Picón, pai do tamén tallista Vicente Picón, é autor, ademais, do **Cristo** de S. Francisco e toda a moblaxe antiga que adorna a nosa Casa Consistorial, parte da cal estivo a piques de perderse cando hai uns poucos anos se reformou o concello e a valiosa sillería do salón de plenos, como se se tratase dunha manchea de trastos vellos, foi arroxada polos novos inquilinos ó recheo do paseo marítimo, de onde foi salvada por un particular a quen lla houbo que adquirir de novo tras denuncia do entón concellal Domingos Albores.

O **Vía Crucis** que hoxe nos interesa está formado por catorce táboas nas que se representa o camiño seguido por Cristo na súa Paixón. Mide cada unha delas 165 cms. de alto e 82 cms. de ancho e distribúense ó longo das paredes do templo de S. Martiño do seguinte xeito: cinco no muro septentrional, ordenadas de este a oeste, catro no occidental, continuando a lectura de norte a sur, e as cinco últimas na parede meridional, por onde prosegue a narración en dirección ó presbiterio.

Tódolos episodios están enmarcados por arquitecturas goticistas de arcos apuntados e conopiais e pináculos no



A MORTE DE CRISTO

remate, pero tamén columnas clásicas nos flancos e decoracións vexetais de tipo modernistas, e no basamento series de rombos que inscriben catrífolias, a ambos lados dunha cartela heraldiriforme na que figura o número romano correspondente a cada unha das tallas e, por último, cabezas de anxos con alas nos extremos, que nalgúns táboas se perderon.

A composición dos relevos está tomada do Vía Crucis que Magariños fixera en 1910 para o Seminario Maior de Santiago, instalado no que fora mosteiro de S. Martiño Pinario, no que tamén debeu traballar o noso artista, porque xa cando González Millán o estudiou advertiu dúas mans diferentes ás do mestre en varias das táboas¹. Precisamente aquelas que deberon ser elaboradas por Picón repítense agora en Noia punto por punto, mentres que as restantes presentan diferentes modificacións.



DESCENDEMENTO DA CRUZ

1 GONZÁLEZ MILLÁN, ANTONIO JESÚS. O Vía Crucis. En VV.AA. *Santiago. S. Martiño Pinario*. Catálogo da Exposición. Santiago, 1999

2 Ibidem. Páxina 291.

O ciclo de táboas responde, en palabras do citado González Millán, “a un deseño sobrio plenamente adecuado ás funcións do culto paixonista que se celebra na liturxia das Misiões Populares e a Semana Santa.”². O primeiro episodio representa a *Xesús diante de Pilatos*, de pé, centrando a composición, escoitando a sentencia que o gobernador romano pronuncia mentras enxagua as mans, enmedio dunha arquitectura de columnas clásicas, igual que en Santiago, pero de maior vulto, ó igual có segundo episodio, *Xesús é obrigado a carga-la cruz*, onde, ademais as teas gañan en riqueza de pregados. O seguinte paso, no que se plasma a *Primeira caída de Cristo*, evidénciase exactamente a mesma composición que no Seminario Maior, pero cun notable incremento na riqueza plástica das figuras. No cuarto, *o encontro de Cristo coa Nai*, redúcense o número de personaxes, aínda que estes gañan en monumentalidade e no tratamento luminoso das roupaxes. O que vén a continuación, *Simón, o Cireneo, axudando a Cristo*, apenas hai máis diferencias que as sinaladas relativas ó maior resalte do relevo debido a que Magariños gustaba máis das superficies de pouco resalte e o noso artista quérrelle sacar máis partido ó volume. A continuación, *Cristo e a Verónica* non só reduce os protagonistas a tres, senón que tamén cambia perceptiblemente a composición: Xesús está máis erguido, xa non semiaxeonllado e o terceiro personaxe, que no relevo de Magariños ficaba medio oculto pola cruz, aquí faise máis visible no seu aceno de azoutar ó Redentor. A táboa número VII, que representa a *A segunda caída de Cristo* volve reducilos protagonistas de cinco a catro, ó tempo que aumenta o seu tamaño ata ocupar todo o campo figurativo, pero a cualidade máis significativa é a maior perfección técnica respecto ó relevo de Santiago, onde xa González Millán advertía do uso de distintas escalas para



A DEPOSICIÓN NO SEPULCRO

os corpos³ visible nas tallas do segundo dos colaboradores de Magariños. A narración prosegue co episodio no que *Xesús consola ás mulleres de Xerusalén*, onde volve suceder exactamente o mesmo que no anterior, ó igual cá táboa seguinte *A terceira caída*, que amosa a un Cristo derrumbado polo peso da cruz ó pé do Calvario. Séguelle *O expolio*, no que Xesús é despojado das súas vestiduras por dous esbirros, escea de maior quietude e menor dramatismo cá do mestre compostelán, na que predominan as figuras axitadas por un movemento intenso e violento. No seguinte episodio de *A crucifixión*, en cambio, as variacións son insignificantes, o cal evidencia a participación do noso artista na realización do relevo de S. Martiño Pinario. Polo contrario, na

escea de *A morte de Cristo* as diferencias son máis grandes, non tanto no relativo á composición, posto que ambas están tomadas dos Calvarios que Montañés esculpiu no s. XVII para diversos retábulos andaluces, como no maior empeño na anatomía, nas roupaxes, a vibración lumínica e, sobre todo, na representación de Xerusalén que se dispón como paisaxe de fondo, que na táboa do Seminario non existe. Na penúltima estación, na que se contempla o *Descendemento da Cruz*, a escea tamén deriva da que Rubens fixera para a catedral de Amberes, pero aquí, ó contrario que nos casos anteriores, aumenta un personaxe respecto ó de Magariños o cal contribúe a diluir o efecto da diagonal barroca que organiza a composición do pintor flamenco e que segue dominando na de Santiago. *A Deposición no sepulcro* pecha esta magnífica serie de relevos do derradeiro imaxineiro noiés, tan formidable como inxustamente esquencido.

3 Ib Páx. 292.

Necroloxías de 13 noieses comentadas por Avilés no Barbanza

Manuel Hermida

A CERCA do DIA DAS LETRAS GALEGAS dedicado ó poeta AVILÉS DE TARAMANCOS, escribeuse tanto, e bo, con temas tan variados asignados por amigos, ou simplemente coñecidos, que apenas queda algo que poda despertar interés das xentes, pero sen embargo voume dedicar a lembrar algo do que deixaran constancia as páxinas do xornal local BARBANZA, pois a pesares de algúns non ter sinatura que indique a autoría de AVILÉS, todos sabíamos que as nada agradables notas necrolóxicas eran escritas polo noso amigo, algo que Aurora Marco menciona na páxina 292 do seu libro AVILÉS DE TARAMANCOS. UN FRANCOTIRADOR DA FERMOSURA”.

Aínda que poda parecer non ser nada grato lembrar estas tristes efemérides, sen embargo valerán para non esquecer entre os nosos conveciños, persoas que cada unha na súa faceta da vida deixaron un inesquecible recordo, e ademais ca particularidade, que quen lle dou forma no BARBANZA, era un home nada pretencioso, como o demostrou o ocuparse de escribir destes noieses de moi distintas condicións sociais, detalle que non todos son capaces de facelo realidade, ó creerse pertencer a unha caste superior, aínda que en ocasións demostran non saber onde teñen a man dereita, algo que sí sabía AVILÉS, e por suposto, tamén a esquerda.



SANTA MARÍA A NOVA

E xa sen máis dilación, e por orde do falecemento, reproducirei os comentarios das xentes, cas que desde o 22 de marzo de 1992 convive na morada de Deus e dos xustos.

EDUARDO CES IGLESIAS. Segunda quincena de febreiro de 1988

Se alguén amou a Noia apaixonadamente e sen pedir nada a troques, é Eduardo Ces. Fundador da revista Tapal, con Fabeiro e Rodríguez Millares. Presidente do Liceo. Presidente do Noia C.F.. Guionista dunha cinta que se fíxo sobre Noia, e que se perdeu, articulista e cronista de feitos e personaxes, con Eduardo Ces vai-se unha época na que Noia era máis íntima e acolledora. Vaia para o amigo os desexos da paz que sempre amou e que a terra lle sexa leve.

XOSÉ ANDRADE PUENTE. Primería quincena de marzo de 1988

O 24 de febreiro morreu en Noia un home do que moi poucos coñecían –só os seus amigos– a longa loita que mantivo na súa vida e a perda que isto supuxo para él por defender a súa integridade como home honrado, de gran seriedade e cun espírito de traballo que o levou a comezar de novo despois de vir de Cuba.

PICHÓN. Segunda quincena de xullo de 1988

Os traballadores morren pobres, pero morren con dignidade. O Pichón

aínda destrozado pola enfermidade, soubo morrer enteiro. Anos de traballo no mar, esa labor que ocupa, día e noite intensamente fixeronlle un corpo duro e un corazón brando, de neno sempre artalleiro e compañeiro de todos.

O “BARBANZA” quere despedi-lo como se fose o home máis importante do mundo. Porque tamén o era. E que a terra froitifique a súa humildade e o seu valor.

RAMÓN VILLAVERDE RIVAS.

Primeira quincena de agosto de 1988

Cando un despide algo tan cercano, tan irmán o amigo de toda a vida vólvese o respiro máis afiado, como cortando a alma. Desde os tempos aqueles, en que el ademáis de compañeiro xa era mestre, até o compartir horas de amizade e de tertulia no decurso dos anos, Moncho Villaverde era o amigo ao que se podía acudir para levar os máis últimos problemas. Pois así como na mente non había problema matemático que non se resolverá, no seu corazón procuraba solucionar os problemas dos demais, dos compañeiros, dos alumnos, da xente que se achegaba a el.

Querido profesor, esa túa vocación clara de abrir para os demais os camiños da ciencia, andará agora contigo nese mundo abraiante que te envolve a ensinar aos espíritos inocentes que te acompañan a fórmula secreta para cegar a plenitude da luz na outra banda do infinito.

Foi un pracer ser teu amigo. Gracias, e deica que os camiños nos volvan a cruzar.

FELIPE DÍAZ TAMBORINO. Primeira quincena de agosto de 1988

O tempo, di Borges, desgástanos inocentes, Vai-nos deixando tamén orfos de amigos, co corazón algo á intemperie cando imos avanzando nos anos, e a súa man pasa fría nos cómaros da vida.

Un quixera vivir outra vez aqueles momentos en que don Felipe, cando nós eramos mozos novos, nos daba co seu dicir, e ás veces co seu silencio, normas de ética e de comportamento diante de tanta adversidade. Foi home de ideas rexas e moral incorrupta. Percurou nun currunchito da ría a paz e a tranquilidade dun fogar que o seu espírito necesitaba.

Agora que se foi, vemos nos seus fillos, xa para sempre galegos, un xesto, un aquel que no-lo recordará para os anos que veñan.

Que a terra de Galiza acolla con agarimo o seu corazón transplantado. Xa era noso, de certo.

MORREU DON ISAAC. Segunda quincena de agosto de 1988

Finou en paz e tranquilo, como sempre viveu o doctor Isaac Rodríguez Paz, “don Isaac” para grandes e pequenos. Axudou a nacer e a vivir a moitas xeracións de noieses, pero a súa grandeza de espírito e a súa bonhomía superaba, se cabe, a súa entrega profesional. A suavidade do río Tambre, a carón do cal naceu, na Pontenafonso, configurou a súa vida. O amor á familia e o culto á amizade foron a súa cerca. A súa personalidade enriqueceu a todos os que o coñeceron e trataron. Co seu pasamento todos quedamos máis probes e máis orfos.

XOSÉ MOAS FILGUEIRA. Segunda quincena de outubro de 1988

MESTRE: Cando as tabernas eran cátedras onde florecía o pensamento, cando as noites abrollaban como unha flor escura onde cantaba a mocidade, vostede oficiaba nos mostradores como se oficiara nun altar. Compartía o pan e o viño, e compartía a maravilla da palabra entre o sorriso, o lecer e a sabiduría. O ollar inqueda de Manolo Barcia, a interferencia agraz de Georgino, que poñía o seu corazón como un anaco de boroa, a filosofía ventureira de don Basilio –que fica como único representante dunha idade florida, e por moitos anos– a impertinencia dos alumnos, madeira en bruto que había que labrar, Manolo Hermida o Fanaraco, Alberto Pérez, o luengo Guerra que agora o recibe cun cálice na man, nós mesmos, xente nova que vostede acolleu con galanura e cortesía antiga, e acolleron todos os seus convivas con xesto de grandeza, recorreremos agora os vellos ámbitos e brindamos coa cunca valeira polos tempos idos, e pola súa ausencia irremediable.

Queda a ferida sempre aberta da memoria. E compar-tiremos aínda moitas veces nese recanto onde se gardan as persoas queridas, esa súa parsimonia avivada de súpeto por unha frase cáustica, por un pensamento surre-

alista e feliz, que animará unha velada máis o acontecer da nosa vida.

Andamos povoados de sombras. Amigos xa idos e presentes en cada conversa. Todo o que forma parte de nós mesmos, esa man que apretamos ou que nos bateu nas costas con amizade e con ternura. Vostede, Mestre, quedará sempre entre as sombras que amamos. Sempre nos chegará o eco da súa palabra adornada de fantasía, e sempre quedarán no recordo antigas noites de cando Noia íntima como unha casa grande, nela era vostede que abría a porta dos ensoños.

Que teña paz e compañeiros!


ALFONSO IGLESIAS PÉREZ. Primeira quincena de febreiro de 1989

HAI momentos nos que as palabras perden o seus significado. Calquera frase que se diga non abonda para comprender o sucedido. É mellor o silencio, porque temos no corazón como un callau de neve fría que nos deixa anonadados para sempre. Somentes as bágoas silenciosas nos van aliviando dese peso que sentimos na alma que é o peso da morte sen aviso, rapiñeira e traidora que ceifa de repente a flor da vida. O tempo só nos cura as cicatrices por encima; debaixo queda sempre esa ferida aberta, fonda como un abismo que irá tratando de coutar e que non couta nunca

Miguel a María Paz:.

Pediríamos-vos agora que fórades fortes, que encontrades o consolo en todo o cariño que se vos ten. Sabemos que a vosa mente aínda está cega polo dor, e que non hai palabra no mundo que vos poida consolar. Sabede de certo que compartimos no que se pode a vosa tristeza, pois somentes un pai e unha nai coñecen a verdadeira profundidade do sufrimento. Queríamos a Alfonso tamén como algo noso e sabíamos da vosa esperanza, esa flor que agora se abre noutra vida.

Somentes desde estas páxinas vos podemos dar, cada un de nós e todos xuntos, o abrazo forte que se da na des-



ALTAR MAIOR DA IGREXA DE SANTA MARÍA A NOVA

gracia. Ogallá pudéramos dar-vos en cada palabra unha luz que unicamente na solidariedade, na amizade e no amor se poden ir pasando como se pasa un trago de metal ardendo. Alfonso e o seu compañeiro xa encontraron a paz. Pedimos que tamén vós a encontrades algun día. Sabedes canto vos quere todo o mundo e que cariño profundo vos temos neste casa. Unha aperta ben fonda, compañeiros.

DON BASILIO. Segunda quincena de abril de 1989

AINDA viva a súa figura miúda, e quente a miña man da súa derradeira despedida, eu quero traer agora a Don Basilio na súa plenitude de home rexo, e home bo e xeneroso como corresponde a un galeguista consecuente consigo e coa súa terra dende sempre e para sempre.

E vexo-o agora nos anos 50, cando eu comenzaba a abrir os ollos de estudante, traendo os seus “Denantes” para Tapal, algúns deles rexeitados por mor da censura, e el sempre ergueito aguantando os avatares, como aguantara nos anos da Revolta Nacional-Sindicalista os vitupéritos e as afrentas. Da súa dignidade adeprendémos toda unha xerazón a ser quen somos. A firmeza e o valor para superar tempos e circunstancias. E sobre todo adeprendemos o verdadeiro sentido da amizade, de respecto e de amor ás nosas cousas.

Naquel tempo, en que xa éramos mozalbetes de entrar a beber cuncas, todo un grupo de hoxe nacionalistas de sentimento –Iglesias, Miguel, Bravo, Lado Filgueira e outros– a acollida de Don Basilio, Don José Vieites, o Maestro Moas, todos mestres no sentir popular e xeneroso da nosa terra, foi acollida a peito aberto e verba florida para ir domeando en nós a bravía xuventude e asentar o coñecimento dunha Galiza malferida, á que había que coidar con agarimo e teimosía.

Daí saíron no pizarrón do bar “A nosa casa” as ensinanzas públicas do noso idioma. Aquel tropezo cas autoridades por poñer un día que Pardo de Cela fora asasinado pola xustiza: Non sabían que fora no século XV e custounos traballo convence-los. Saíra do “Escorial” a idea do pimeiro monumento a Castelao, que fixemos por suscripción pública e que entregamos ás súas irmáns Tereixa e Xosefina.

Saíron noites brillantes de conversa das que moitos aínda se lembran como noites de cultura e camaradería, que xa non se repiten máis.

Pero se en algo salienta a figura nobre e auténtica de Don Basilio o Perito, Don Basilio Fernández Barbazán, é como escritor de trazo rápido nos seus “Denantes” e “Carapolas” con un aguillón moi persoal que algúns sentían nas nádegas aínda que él non se refira a ninguén. Ou dos seus debuxos, punzantes algúns como dardos enveñados, para todo aquilo que non fora xusto ou que ferira dalgún modo o sentimento de Galiza ou a enxebreza do seu ser. E logo a recuperación detallada de muiños, carros do país, arados, ferramentas, xogos infantís, que algún día terán que estar na súa dun museo que leve o seu nome.

COMPAGÑEIRO: Agora que a morte, da que tanto temos falado Vde. e máis eu nos últimos tempos, o levou, mantendo a dignidade que tanto solicitaba, quero deixar escrito este sentimento de amizade, da verdadeira, da que case non hai, como se puxera na súa tumba un ramiño de flores ventureiras, que agora en abril abrollan nos arrós e nas campasas da patria, en homenaxe á súa persoa, que foi para nós todos como a luz dunha lámpada que non se apaga nunca.

Saúde e boandanza no sulco en que repousa!

SESÉ FERNÁNDEZ LEICEAGA. **Primeira quincena de xullo 1989**

A inquietude do arte, o por-lle á vida as cores que él quería, o transformar a luz nunha fogueira de gamas e de for-

mas, fixeron del tamén así como un lóstrego que pasou repentino

Era o verdadeiro retrato do artista adolescente, e a súa morte en accidente deixou-nos a todos sobrecollidos pois él era a vida mesma a renacer en cada cadro, en cada composición, en cada alento que o arte lle doaba.

Aínda tan xoven a súa nota de pintor xa deixa unha marca e deixa unha memoria. Seleccionado para a Bienal de Pontevedra, recoñecido xa pola crítica como unha esperanza certa na nosa arte de futuro, o pasamento de Xan Xosé Fernández Leiceaga é unha perda grande para todo o que Galiza significa.

Vaia unha aperta fonda para os seus pais, irmáns, e compañeiros, e decírlle que sentimos como nosa a dor que os embarga.

As veces queda un anaco por colorir e debe estar nesa tarefa. Que teña paz e pinturas para vivir a eternidade.

A Contraluz

DOMINGO ANTONIO LADO FILGUEIRA. Segunda quincena de xullo 1989

*“Ouh capitán, meu capitán
a grande camiñada acaba agora.....*

W. Whitman

EU quixera vivir agora, meu amigo, aqueles intres da nenez e da mocidade, nos que a vida nos ía abrindo os camiños, e sabíamalos de certo o que queríamos e loitábamos para o lograr.

Viña eu, baixo da chuvia ou do sol, todos os días a recollerte na tua casa do Obre, e a carón da lareira poñía tua nai na mesa as papas de millo con leite crú por encima, mentras tua avoa nos acompañaba co seu ollar antigo vendo que non deixáramos nada e que saíramos a tempo para a nosa tarefa escolar. Pasábamos por Cabruns a buscar a Ramón e baixábamos a por Torea, para vir xuntos para Noia, e así día a día e ano a ano, onde a nosa amizade se foi facendo forte e para sempre.

Logo viñeron os anos da Coruña, na Escola de Náutica, onde ti aprendías a ser capitán e eu a ser poeta, os días inesquecíveis da pensión de Dona Flor, na praza de Sta. Caterina con Del Rio de compañeiro, e aquela criada vesga de Fisterra que se nos metía no leito e había que fuxir espavoridos. Cousas da mocidade. Porque naquela pensión estaba Chavite e Tatiana, o Holandés Errante e o ruso Vivicoff, e mentras ti estudiabas noite e día, andaba eu a descubrir os entrecidos da arte.

E foise-nos a mocidade, e foi cada un polo seu roteiro a cumprir as andainas da vida. Navegabas os mares, e

mandabas-me cartas a Colombia que eu recibía como se foran anacos da infancia que me viñeran visitar.

E despois do regreso a mesma amizade permanente e sinxela que non fai falla alimentar, agora que a morte, con traidora saña, te acevillou coa súa roupa de novo, quere afrimar contigo unha vez mais a nosa camaradería de sempre, e estar contigo irmán, mentres o teu corpo se desfai, e o teu espírito queda vivo entre nós, no xesto dos teus, e na palabra que un día a miúdo como se estiveramos conversando. Que a paz da terra naí sexa contigo.

XULIO IGLESIAS ONS. Primeira quincena de setembro de 1989

Lonxe do mar que era a súa vida, acaso na friaxe dunha clínica, mais co pensamento e co cariño de todo o pobo posto nel, acaba de ir-se –nos pola reta infinda da morte de Xulio Iglesias Ons. El era o representante mais xenuino dos que mantiveron o ser e a alma de Galiza, era un mariñeiro. Leal sempre á súa causa, á súa patria, aos seus compañeiros, foi un loitador permanente das liberdades e da recuperación da nosa identidade nacional.

Xulio era sinxelo e aberto coma o mar. Do seu corazón, que se parteu en dous no derradeiro instante de tanto amor acolgado, emanaban a fraternidade, a esperanza de un mundo mellor e sobre todo esa Galiza enxel do pobo que é o que sostén os alicerces da patria.

Os que fomos, e somos, os seus compañeiros no BARBANZA e no labor municipal, teremos sempre a súa honradez como un exemplo. Que o mar e a terra o acollan en paz.

FINOU DON XOSÉ FERNÁNDEZ DA PONTE. Segunda quincena outono do 1989

O que fora mestre exemplar e querido de tantas xeracións de noíeses, Don Xosé pasou a maior parte da súa vida en Noia onde a mais de impartir a súas insinanzas escribiu os poemas que lle deron merecida sona de gran poeta. Neles o amor a Noia e ás súas xentes deixa-se traslucir en cada palabra. O BARBANZA quer-lle rendir unha homenaxe a un recordo publicando hoxe dous seus poemas mais representativos, para que Noia o teña sempre presente como un dos seus fillos máis ilustres.

Tras recopilar as 13 notas necrolóxicas publicadas no BARBANZA, en referencia a outros tantos amigos de ANTÓN AVILÉS VINAGRE, creo non será mala a idea de reproducir os titulares de xornais informando do pasamento do poeta de Taramancos, e aínda que poda haber

xentes que non o atopen de xeito, de seguro que serán maioría os que lles gustará esta lembranza, pois servirá para ter presente a este noiés que levou polo mundo o nome da súa nacemento: TARAMANCOS.

O extraordinario que EL IDEAL GALLEGO lle dedicara ás festas de San Marcos de 1991, publica unha foto de ANTÓN AVILES diante da figura do cabaleiro armado que ten na Tasca Típica, e fai referencia a que moi pronto se tomará un merecido descanso, o cal, e desgraciadamente, once meses mais tarde, o que se conseguiu foi ir repousar no camposanto da súa parroquia de San Pedro, en Boa.

LA VOZ DE GALICIA 23/3/1992

Hace unos meses, los médicos le diagnosticaron un cáncer

Luto en el municipio de Noia por la muerte del poeta Avilés de Taramancos.

EL CORREO GALLEGO 23/3/1992

Premio da Crítica española e finalista do Premio Nacional de Literatura

Finou onte na Coruña o escritor Antón Avilés de Taramancos

FARO DE VIGO 23/3/1992

El escritor Avilés de Taramancos fallece de cáncer en A Coruña

(FARO DE VIGO publicó precisamente ayer un trabajo de homenaje a este literato).

DIARIO 16 DE GALICIA 23/3/1992

Falleció a causa de un cáncer el poeta de Noia Avilés de Taramancos

O día seguinte estes mesmos xornaes informan do seu multitudinario enterro.

LA VOZ DE GALICIA

Unas dos mil personas acudieron a las honras fúnebres del poeta

Personalidades de la cultura y la política despidieron a Avilés de Taramancos.

EL CORREO GALLEGO

Acompañaron ao poeta a pé o cemiterio parroquial de San Pedro de Boa

Mais de mil personas despidieron a Antón Avilés de Taramancos

Un trovador que anceiou “darlle esa alegría ao vento”

FARO DE VIGO

Al entierro de Avilés de Taramancos asistieron unas dos mil Personas

DIARIO 16 DE GALICIA

O poeta Avilés de Taramancos foi despedido cunha asistencia multitudinaria ó seu enterro.

Algúns dos escritores asistentes recitaron poemas na súa lembranza

E xa para rematar, creo interesante lembre estes acordos

LA VOZ DE GALICIA 29/3/1992

La Casa da Cultura también llevará su nombre

La Corporación de Noia declara hijo predilecto de la villa a Avilés de Taramancos

EL IDEAL GALLEGO 29/3/1992

Según acuerdo tomado en la sesión plenaria del pasado jueves

Avilés de Taramancos fue nombrado hijo predilecto de la villa de Noia

La Casa de la Cultura noíesa y una calle de la beiramar llevarán el nombre del poeta.

E coma sempre remato con algo daquel cabaleiro gran amigo de AVILÉS, como foi Don BASILIO, mentor de tantos mozos con sabios consellos, e autor dos DENANTES, dos que ANTÓN FRAGUAS FRAGUAS, escribe en EL CORREO GALLEGO, de 1º de abril de 1993, un extenso artículo co título: Lembrando a Don Basilio Fernández Barbazán, e do que recoilo:

“o gran filósofo noiés, amigo das sentencias curtas. Son decires de grandes contrastes de onte para hoxe, contrastes expresados correctamente con isa profundidade filosófica”.



Se Don Antonio Fraguas recollía o DENANTES, de : Non te deixaban falar, agora non che escoitan”, eu retrocederei a 1979, cando publica un libríño tirado nos talleres de Gráfico Galaico, en A Coruña, e di:

DENANTES: Galiza loitaba pola sua libertade. Agora está de loito.

NOTA ACLARATORIA: Nunca mellor ocasión que este número de necrolóxicas para desfacer un erro cometido no número anterior, o referirme de que Don Eugenio viña sendo medio irmán de don Santiago, cando de sobra sei non ser verdade, pero o subconsciente xogoume unha mala pasada, ó esquecerme á solicitar dunha carta recibida de don Eugenio, decembro 1974, na que me dá as gracias por solicitar que o nome do seu irmán se perpetuara nunha das nosas rúas.

Desde aquí quero darlle as gracias a Marcelino Prieto, por ser quen me fixo ver o erro cometido.

(Ampliando o de darlle o nome de don Santiago a unha rúa, tamén o pedía para Francisco Romero Blanco, Ángel Senra Fernández, José Rivera, Ramón Valde-rama, María Mariño Carou, Eduardo R. Sánchez Millares, e Jenaro Blanco). De todos eles, quedan por darlle o seu nome, ademais de don Santiago, o enxeñeiro Valde-rama, e o celador Rivera, e, ¿non será hora de acordarnos dos que tanto fixeron por Noia?






María Dolores Arxóns Álvarez

2003: Ano de Antón Avilés de Taramancos. Percorrido bibliográfico


A En xuño de 2002, a nova da decisión da Real Academia Galega de dedicar o Día das Letras Galegas do ano 2003 ao escritor noiés Antón Avilés de Taramancos, supuxo o inicio de múltiples proxectos de estudo da vida e da obra do autor de *Última fuxida a Harar*. Imos reseñar nestas páxinas os volumes publicados no ano 2002 e o que vai de 2003, que abordan o estudo biográfico e desenvolven diversas investigacións literarias arredor das obras de Avilés de Taramancos. Tamén reseñamos nesta breve noticia, ilustrada coas portadas dos libros, títulos escritos por Avilés de Taramancos que inclúen un estudo crítico da obra reeditada, excluindo, pola contra, aqueles que só foron reeditados sen nengún tipo de estudo introductorio –As torres no ar (Galaxia, 2003) ou Nova crónica das Indias (Xerais, 2003), por exemplo– así como todo o editado con anterioridade a 2002.




01.- AGRELO HERMO, XOSÉ E SAMPEDRO, PILAR: APROXIMACIÓN DIDÁCTICA Á OBRA DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, (2ª ED.), ED. TOXOSOUTOS, 2003.




02.- AGRELO HERMO, XOSÉ: AVILÉS DE TARAMANCOS, ED. TOXOSOUTOS, 2002.




03.- ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ Mª: ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, A NOSA TERRA ED., 2002.




04.- ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ Mª: VIDA DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, ED. GALAXIA, 2003.




05.- ARXÓNS ÁLVAREZ, Mª DOLORES E CASTRO RODRÍGUEZ, XAVIER: ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS. VIDA E OBRA, ED. XERAIS DE GALICIA, 2003.




06.- ARXÓNS ÁLVAREZ, MARÍA DOLORES E AGRELO HERMO, XOSÉ LOIS. ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS. 1935-1992. UNHA FOTOBIOGRAFÍA, Ed. XERAIS DE GALICIA, 2003.




07.- AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN: CANTOS CAUCANOS. EDICIÓN DE MARTÍN VEIGA, Ed. XERAIS DE GALICIA, 2003.




08.- AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN: ANTOLOXÍA. ESCOLMA, INTRODUCCIÓN E NOTAS DE ANA ROMANÍ, Ed. GALAXIA, 2003.




09.- AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN: OBRA COMPLETA. ESTUDIO DE XOSÉ Mª ÁLVAREZ CACCAMO, Ed. ESPIRAL MAIOR, 2003.




10.- AVILÉS DE TARAMANCOS, ANTÓN: TRES CAPITÁNS DE TEMPOS IDOS. ESTUDIO DE PILAR SAMPEDRO E ILUSTRACIÓN DE MANOLO UHÍA, Ed. XERAIS DE GALICIA, 2003.




11.- LIÑARES GIRAUT, X. AMANCIO E PUENTES CHAO, ANTONIO: "DICCIONARIO" ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, 3C3 EDITORES, 2003.




12.- MARCO, AURORA: AVILÉS DE TARAMANCOS. UN FRANCOTIRADOR DA FERMOSSURA, Ed. TOXOSOUTOS, 2003.




13.- ROIG, BLANCA E SAMPEDRO, PILAR: ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, XUNTA DE GALICIA, 2003.




14.- VARIOS AUTORES: ALAMEDA, REVISTA DA SOCIEDADE LICEO, 2ª EDICIÓN, MAIO DE 2003.



15.- VARIOS AUTORES: ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, A NOSA TERRA Ed., 2002.



16.- VARIOS AUTORES: DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2003. AVILÉS DE TARAMANCOS. ANXO TARRÍO, COORDINADOR. ILUSTRACIÓN DE ALFONSO COSTA, DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 2003.



17.- VEIGA, MARTÍN: ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS, Ed. FERVENZA, 2003.

Mi camino - Tu sendero

Alejandro Brabo

Quiero caminar tus pasos
y el camino se hace eterno
Quiero mirar por tus ojos
ya que los míos son ciegos.

Quiero olvidarte y no puedo
quiero olvidarte y no puedo

Quiero olvidar tus abrazos,
y ese loco desenfreno
que me turba cada día
vuelve y vuelve en el recuerdo.

quiero olvidarte y no puedo
quiero olvidarte y no puedo

quiero sentir tu presencia,
tu cariño, tus anhelos,
tu cuerpo fresco de brisa
de olor a mar y de cielo.

quiero olvidar y no puedo
quiero olvidarte y no puedo

mal eterno que atormenta
mi camino es tu sendero
quiero tenerte a mi lado
y sin embargo no puedo

quiero olvidarte y no puedo
quiero olvidarte y no puedo

dicha amarga que me envuelve
amargo fruto, tu cuerpo
amargo, dolor amargo
amargo, sabor tus besos

amargo despertar del día,
sabiéndote en otro lecho
amargo, camino amargo
y amargo tu sendero.

Locura de no tenerte
mas que en mi loco recuerdo
locura de no decirte
locura, loca de celos.


Y locura de no haberte
amado hasta el extremo
de que tú enloquecida
abandones tu sendero.

Olvides toda tu vida
sólo vivas de mi anhelo
de mi dicha, de mi llanto
de mi deseo inconfeso.


Locura, locura al fin
de atrapar tu bello gesto
y en cerrarlo con mi vida
para hacerlo prisionero
y hacerte saber de pronto
que sólo vivo en tu cielo.

Amarga, mujer amada,
desconoces mi silencio
hermosa fruta prohibida
sin saber mi sentimiento.

Quiero morir y no puedo
quiero morir y no puedo.



Carmen González Martínez (11 anos)



Roque Gallardo

Noia en branco e negro



Pedras nobres, renacentistas e piadosas, enmarcan unha fonte conmemorativa daquela Constitución de Cádiz —¡Viva la Pepa!— que iniciou o pedregoso camiño da democracia, e nobres xentes noiesas na procura de auga clara e limpa para os seus fogares. Dentro, os discípulos do “poverello” de Asís rezan e cantan; fóra, as mulleres noiesas afánanse no seu labor. Os nenos, coma sempre, xogan ledos.



Remos e redes, peixeiras e mariñeiros, o Hospital de Afora convertido en cárcere tenebroso e doméstico antes de caer baixo a piqueta iconoclasta da falsa modernidade. Lonxe queda no tempo aquel Pelamios, barrio de curtidores, de “xente vil” coa que os pequenos burgueses de intramuros non podían emparentar pero que ben que se aproveitaban do seu fino traballo. E, despois da costíña, a Pedrachán, os lentos muíños da nosa nenez.




Son as persoas, e non as pedras, as que marcan a historia e o carácter dos pobos. As pedras son o decorado, as persoas son os actores; unhas, a quietude; outras, a vida. Tres persoas distintas e unha soa Noia verdadeira.



“Felipe de Castro coas tripas arrastro”, decíamos de pequenos. O antiestético monumento, sempre rodeado de fermosos xardíns, fixose tan entrañábel para todos os noieses que o escultor xenial e cabezón é un veciño máis da Vila que, dende a súa altura, vixía a vida noiesa de costas á grandiosa alameda. ¿Cómo sería a paisaxe urbana de Noia sen a estatua de Felipe de Castro?.

Os nosos libros



CLODIO GONZÁLEZ e SUSO XOGAINA **La iglesia y el cementerio de Santa María A Nova**


Edita: Deputación da Coruña

25x16 cm. 396 páxs.

Sen dúbida estamos ante unha das obras máis importantes para coñecer a dilatada historia de Noia e a súa xoia arquitectónica máis prezada. O voluminoso libro consta de catro partes ben salientables: A historia de Noia ata o século XIX; a igrexa de Santa María a Nova, o cemiterio e as laudas sepulcrais da antiga necrópole.

A través dunha coidada exposición e unha exhaustiva tarefa investigadora, realizada polo prolífico Clodio González en arquivos, museos, publicacións, documentos e bibliotecas, a luz ábrese sobre este extraordinario conxunto monumental que xa fora estudado no ano 1936 polo profesor Álvaro de Las Casas.

Merece nomearse o inxente traballo realizado por Suso Xogaina na edición do libro que é iluminado con numerosas fotografías, documentos, gravados, mapas, inscricións e reproducións de laudas. Unha tarefa que, cun índice de ilustracións, outro onomástico e un terceiro toponímico, converten ao presente volume nunha obra destacada. Quizais o libro mellor editado dos referidos ata agora á vila de Noia.



AURORA MARCO **Avilés de Taramancos. Un francotirador da fermosura**

Editorial Toxosoutos.

24x15 cm. 365 páxs.

Entre as diversas biografías que se realizaron este ano sobre a figura de Antón Avilés de Taramancos sobresaee esta, pola profundidade das súas investigacións e o material inédito que expón para a consulta dos seguidores da vida e a obra do poeta homenaxeado este ano 2003 co Día das Letras Galegas.

A obra consta de catro partes que abranguen a vida do biografado dende a súa orixe ata o seu pasamento: Taramancos. Infancia e adolescencia; Na Coruña; Boemia e poesía; Colombia. Polas rotas da saudade; e O regreso a Itaca.

Amais de revelar aspectos descoñecidos na vida do laureado poeta, o libro ofrece interesantes testemuños, inevitables fotografías, valiosos documentos e unha correspondencia que axuda a desvelar as pegadas que deixou Avilés de Taramancos na súa andaina pola vida.

Unha obra que non só retrata a un home, senón que sobrancea con entusiasmo as calidades literarias dun poeta, que, segundo a estimable apreciación da autora, sitúa no cumio da literatura galega. Unha lectura imprescindible.